

a mariña

Trabada e Barreiros renovan o vial de Fórnea a Vilamartín Pequeno. **Páx. 3**

foz

Ampla programación cultural de outono con teatro, cine, música e actividades. **Páx. 7**

burela

Novo sistema de cámaras na vila para mellorar o control e a protección cidadá. **Páx. 11**

cervo

O Concello de Cervo inicia a RPT co respaldo do persoal municipal. **Páx. 14**

o vicedo

Socialistas e nacionalistas denuncian falta de previsión e transparencia. **Páx. 26**

Investimentos que suman

A Deputación destina preto de 630.000 euros a proxectos na comarca, como á humanización da Praza dos Fornos en A Pontenova



Análise do uso do galego nos cemiterios

Os estudos advirten unha presenza crecente da lingua nas inscricións funerarias. **Páx. 4**

Mondoñedo prepárase para as San Lucas

Cinco días de música, cabalos e tradición, que combinan actos populares e espectáculos. **Páx. 19**

Dani caxete



Un mural de gran formato en Viveiro homenaxea ao Cristo da Agonía. **Páx. 9**

Trabada paso a paso



A asociación organiza rutas que combinan natureza, patrimonio e convivencia. **Páx. 23**

Nicolás Martínez



O focego, campión do mundo de piragüismo KL3, inspira as novas xeracións. **Páx. 29**

Avanza o Centro de Innovación Territorial

Goberno e Deputación firmaron o convenio que traerá esta instalación á provincia. **Páx. 27**

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

A MARIÑA

Barreiros e Xove, epicentros dunha intensa actividade arqueolóxica



A Mariña Lucense vive un intenso período de actividade arqueolóxica cunha ducia de proxectos en marcha. En Barreiros, iniciáronse escavacións en Santo Estevo do Ermo, centradas nun antigo cuncheiro, cunha duración estimada dunha semana. Este achado de gran relevancia pode ofrecer valiosa información sobre a ocupación humana e a evolución histórica da zona. A intervención está promovida por Mariña Patrimonio, na parcela adquirida o ano pasado grazas ás doazóns veciñais, e conta co financiamento da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, así como coa colaboración do Concello de Barreiros. Ademais, participan Eira da Xoana-ADEGA e a Irmandade de Santo Estevo do Ermo, co obxectivo de recuperar, investigar e difundir o patrimonio cultural da comarca. En paralelo, en Xove comezou a segunda fase dos traballos no castro de San Tirso de Portocelo, que se prolongarán durante un mes.

Esta intervención, promovida polo Concello e financiada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dá continuidade á realizada en 2020, cando se localizaron tumbas altomedievais, vivendas castrexas, un muíño de man, cerámica de calidade e unha conta de colar prerromana posiblemente vinculada ao comercio mediterráneo. O castro busca consolidarse como recurso cultural e turístico de referencia, investigando fabricación de ferro e cerámica, conservación de alimentos e explotación de recursos mariños. O Concello organiza visitas guiadas diarias ás 11:00 horas, lideradas polo arqueólogo David Abella, para achegar á veciñanza e visitantes os avances das investigacións. Tanto en Barreiros como en Xove, a arqueoloxía actúa como ponte entre pasado e presente, reforzando a identidade histórica da Mariña e abrindo novas oportunidades culturais e turísticas na comarca.

A Deputación activa un plan de 630.000 euros para A Mariña

A Deputación de Lugo aprobou en Xunta de Goberno, un paquete de investimentos que suman case 630.000 euros para impulsar proxectos e actuacións en distintos puntos da provincia. A voceira socialista do executivo provincial, Pilar García Porto, explicou que se trata “dun investimento clave que permitirá mellorar infraestruturas, reforzar servizos públicos, apoiar o tecido asociativo e avanzar na mobilidade, contribuíndo así ao desenvolvemento económico e social da comarca”.

Un dos municipios máis beneficiados será A Pontenova, que recibirá preto de 400.000 euros para dous proxectos principais. O primeiro, con 250.000 euros de orzamento, financiará a humanización da Praza dos Fornos, co obxectivo de integrar a zona de aparcadoiro e reforzar a seguridade viaria, ademais de mellorar a drenaxe da auga da choiva. Con este acordo tamén se executará a reconstrución do estribo dereito da ponte do Fondón, infraestrutura municipal que dá acceso a unha área recreativa e que precisa estabilizarse fronte ás condicións do río Eo. Ademais, o Concello da Pontenova poderá mercar fincas anexas ao cemiterio para ampliálo, xa que se atopa ao límite de capacidade, e adquirir novo equipamento: un camión con plataforma elevadora, unha impresora multifunción e un contador con depósito de distribución de auga. O segundo proxecto, cun inves-



timento próximo aos 140.000 euros, permitirá renovar a rede viaria da parroquia de Conforto. A mellora afectará a unha vía municipal que conecta coa estrada provincial LU-P-4809, dando servizo a vivendas e a un establecemento hostaleiro. No apartado de convenios, a Deputación destinará máis de 20.000 euros á Asociación Recreativa e Cultural Os do 21, do Vicedo, unha entidade sen ánimo de lucro con máis de catro décadas de historia que promove música, danza, teatro e tradicións populares. Estes fondos cubrirán gastos de mantemento, indumentaria, transporte, materiais culturais e seguros de responsabilidade civil. Tamén quedaron adxudicadas as obras de mellora da estrada LU-P-2806, que une Lourenzá e Mondoñedo. Os traballos, cun orzamento de 204.799 euros, consistirán na reapertura de cunetas, pavimentación con

aglomerado en quente e nova sinalización horizontal ao longo de case 4 quilómetros, desde A Cazolga ata a parroquia mindoniense de Oirán. García Porto destacou que “é unha vía estratéxica que conecta núcleos entre os dous concellos, dá acceso a servizos públicos e resulta importante para o turismo da Mariña”. En materia de emprego, a Deputación deu luz verde ás bases para convocar 16 novas prazas nos Centros de Atención a Maiores: 7 de enfermaría, 4 de fisioterapia e 5 de terapia ocupacional, todas por concurso oposición. A deputada subliñou que a rede provincial de 9 residencias sitúa ás persoas no centro da atención, con servizos “públicos, próximos e de calidade”. Engadiu que a incorporación de novo persoal “permitirá fortalecer o modelo, mellorando a atención individualizada e multidisciplinar, que xa é exemplo en toda Europa”.

nahrin

Productos naturales de calidad suiza desde 1954 

¿TE GUSTARÍA GANAR UN DINERO EXTRA MIENTRAS AYUDAS A LAS PERSONAS A VIVIR MEJOR?



Con Nahrin puedes empezar tu propio negocio en el sector del bienestar sin inversión inicial y con total flexibilidad.

- COMISIONES ATRACTIVAS Y SIN TECHO DE GANANCIAS
- PRODUCTOS NATURALES SUIZOS CON GRAN DEMANDA
- FORMACIÓN Y APOYO PARA IMPULSAR TU ÉXITO
- COMPATIBLE CON TU TRABAJO O COMO INGRESO PRINCIPAL

¡EMPIEZA HOY A HACER CRECER TU ECONOMÍA!

NAHRIN MÁS INGRESOS, MÁS LIBERTAD.

Polígono Industrial Cortaficio, Calle B, Nave 4A. 33740 Tapia de Casariego.
Tel.: 619 173 496 - www.nahrin.es

ACADEMIA
A Mariña

MANIPULADOR DE ALIMENTOS
APLICADOR FITOSANITARIOS
BIENESTAR ANIMAL
PROTOCOLOS DE ACOSO
PRERREQUISITOS -APPCC
PROTECCIÓN DE DATOS
FORMACIÓN BONIFICADA

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

Trabada e Barreiros estreitan lazos coa renovación do vieiro compartido

Os Concellos de Trabada e Barreiros puxeron en marcha as obras de renovación do vieiro que conecta as localidades de Fórnea e Vilamartín Pequeno, unha infraestrutura compartida entre ambos municipios e de grande relevancia para a vida diaria da súa poboación.

O proxecto, cun orzamento total de 50.880,37 euros, está financiado en boa parte por unha subvención de 35.616,26 euros, mentres que os 15.264,11 euros restantes son achegados directamente polos dous concellos.

O alcalde de Trabada, Rubén García, e a alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, achegáronse ata a zona para supervisar o inicio dos traballos. Durante a visita, García salientou que “a colaboración cos concellos veciños permítenos mellorar servizos comúns e avanzar cara a un rural máis conectado e funcional. Este proxecto é un exemplo do bo entendemento



institucional e de como a suma de esforzos dá froitos en beneficio da cidadanía”.

Na mesma liña, Ana Ermida destacou que “esta actuación responde a unha necesidade real e demostra que a cooperación entre concellos é o mellor camiño para conseguir investimentos que doutro xeito serían

máis difíciles de acadar”.

Con esta intervención, as dúas administracións locais seguen a dar pasos firmes para mellorar a vida cotiá da veciñanza, apostando por unhas infraestruturas que conectan parroquias, fortalecen vínculos e contribúen a manter un rural vivo e con futuro.

A FCAM lanza unha campaña para dinamizar o comercio local con actividades e premios



‘De compras polo comercio da Mariña Lucense’ é a campaña que a Federación de Comercio A Mariña (FCAM) celebrará do 20 de outubro ao 30 de novembro. A iniciativa busca impulsar o pequeno comercio local a través de accións promocionais e actividades en diferentes vilas da comarca. Segundo a presidenta da entidade, Carmen Cruzado, repartiranse 2.500 euros en vales de compra mediante cinco sorteos, nos que os clientes poderán participar trocando os seus tickets por rifas. Os

premios serán entregados por figuras destacadas do xornalismo, a música, a escritura ou o cine, que pasarán unha fin de semana na Mariña, percorrendo rúas comerciais, coñecendo a gastronomía e visitando lugares turísticos. O tesoureiro, José Carlos Paleo, salientou que a campaña busca “facer pobo, facer Mariña” e poñer en valor a diversidade de negocios da comarca. As citas desenvolveranse en Foz, Barreiros, Lourenzá, Mondoñedo, Ribadeo, A Pontenova, Xove, Viveiro e Burela.

APNED e Deputación suman esforzos para reforzar a inclusión

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou no Pazo de San Marcos un convenio coa Asociación de Pais de Nenos con Discapacidade (APNED) para garantir a continuidade do servizo ambulatorio que atende a familias dos concellos de Barreiros, Ribadeo, Foz, Cervo, Burela, O Vicedo e Viveiro. A Deputación achega 10.000 euros a este proxecto, considerado “o único servizo destas características existente na Mariña”, segundo destacou Tomé Roca, quen subliñou que APNED promove a inclusión das persoas con discapacidade e favorece a súa participación activa na sociedade.

O servizo atende actualmente a 30 menores con diversas discapacidades, como Trastornos do Espectro Autista, Síndrome de Angelman, Síndrome de Prader-Willi, problemas de audición e visión, parálise cerebral infantil ou trastornos específicos de linguaxe. A intervención realízase en coordinación cos centros educativos da comarca, desde infantil e primaria ata secundaria, asegurando unha atención individualizada adaptada ás necesidades de cada neno.



drome de Prader-Willi, problemas de audición e visión, parálise cerebral infantil ou trastornos específicos de linguaxe. A intervención realízase en coordinación cos centros educativos da comarca, desde infantil e primaria ata secundaria, asegurando unha atención individualizada adaptada ás necesidades de cada neno.

En marcha desde 2003, este proxecto responde á falta de recursos específicos para persoas con discapacidade e supón “un antes e un despois” para moitas familias, proporcionando orientación, apoio e ferramentas para afrontar o futuro tras o nacemento ou diagnóstico dun menor con diversidade funcional.

O BNG reclama que se amplíe a Riotorto e A Pontenova o servizo de hospitalización a domicilio

BNG anunciou que levará ao Parlamento galego unha iniciativa para que a Xunta estenda a Riotorto e á Pontenova a cobertura do Servizo de Hospitalización a Domicilio (HADO). O deputado Daniel Castro, acompañado de representantes municipais, explicou que este recurso permite achegar coidados hospitalarios aos fogares dos pacientes, en casos como enfermidades crónicas, oncoloxía ou atención a persoas maiores, sempre baixo prescrición médica. Recordou que en 2019 a Xunta presentara o Plan Galego de Hospitalización a Domicilio co compromiso de garantir igualdade de acceso en toda Galicia, mais seis anos despois Riotorto e A Pontenova seguen sen

cobertura por parte do HULA, o seu hospital de referencia. Para Castro, esta situación supón unha discriminación “inaceptable” baseada no lugar de residencia.

A voceira do BNG en Riotorto, Vanesa Gómez, avanzou que este venres se presentará unha moción no pleno municipal, reclamando á Xunta a posta en marcha inmediata do servizo e pedindo tamén o respaldo do goberno local. Subliñou que a falta deste recurso engade carga ao centro de saúde, onde xa se eliminara unha praza médica.

Na Pontenova, o pleno municipal aprobou a proposta a pasada semana, reforzando a demanda nacionalista.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en [edpenergia.es](https://www.edpenergia.es)

O uso do galego nos cemiterios de Galicia: entre a recuperación e a pegada do franquismo

Estudos locais e iniciativas cidadás confirman unha presenza crecente da lingua nas inscricións funerarias, aínda moi minoritaria fronte ao castelán

Nos cemiterios de Galicia, a lingua das lápidas, das esquelas e das fórmulas funerarias é tamén un rexistro da memoria colectiva e das presións históricas sobre a identidade. Durante o franquismo, a presenza institucional do galego foi practicamente nula e isto trasladouse a numerosos ámbitos cotiáns, incluídos rituais funerarios e as inscricións sepulcrais, o que contribuíu a que por décadas o castelán se convertese na lingua de prestixio. A transición democrática e a normalización normativa iniciada logo do 1975 e consolidada co Estatuto de 1981 puxeron o galego en posición de recoñecemento oficial, mais a herdanza sociolingüística non cambia de fío: nas prácticas funerarias mantívose durante anos a tendencia a escoller o castelán, percibido nalgunhas contornas como lingua de maior prestixio, especialmente en ámbitos relixiosos e institucionais. Informes e traballos de campo recentes relatan que, aínda que hai unha recuperación paulatina, a lingua galega segue moi por detrás nas inscricións e ritualística funeraria. As cifras recollidas por distintos proxectos e medios reflicten unha situación crúa pero con matices: in-

vestigacións cidadás e proxectos de catalogación sinalan que en moitos cemiterios un pequeno porcentaxe de lápidas aparece redactado en galego —nunha das sondaxes citadas incluso apuntouse que só arredor do 5% estaban en galego— mentres que outras avaliacións e iniciativas locais, especialmente as realizadas desde movementos culturais e polos propios concellos, detectan incrementos que sitúan a presenza en cifras superiores nalgúns territorios, incluso ata o 20% segundo algún traballo. Esa dispersión estatística amosa que existe variabilidade xeográfica e metodolóxica, e subliña a necesidade de estudos sistemáticos e homologados para coñecer a verdadeira dimensión do fenómeno. Ao mesmo tempo, desde colectivos culturais e institucións como o Consello da Cultura Galega fóronse promovendo iniciativas de rexistro, catalogación e visibilización das inscricións en galego, e tamén exposicións e proxectos divulgativos que procuran valorizar a lingua no espazo da memoria. Exemplos recentes de investigacións locais e mapas colaborativos apuntan a que aínda que existe unha herdanza de invisibilización, existe unha reacción comunitaria

que trata de recuperar a linguaxe funeraria en galego como forma de recoñecemento da identidade lingüística das persoas falecidas. Así, nas últimas dúas décadas empezou a documentarse unha recuperación parcial. O labor dun centenar de persoas voluntarias que percorren Galicia para visualizar camposantos e recopilar datos de case 60.000 familias permitiu elaborar unha panorámica que confirma esa tendencia. Entre elas está o escultor Pablo López, quen iniciou o seu traballo na parroquia de Fonfría, na Fonsagrada, cun “paseo investigador” para rexistrar epitafios, analizar materiais e mesmo inventariar arquitectura, pintura e escultura dos templos. A súa observación é clara: a porcentaxe de

Na provincia de Lugo, profesoras como Ana Rodríguez Barreiro, Lines Salgado Iglesias e Beatriz López Dourado constataron incrementos significativos en Meira, Terra Chá e na propia capital

inscricións que incorporan palabras como “muller”, “home”, “fillos” ou “netos” medra de xeito progresivo, cunha aceleración evidente no século XXI. En lugares como Santo André de Logares, oito das setenta familias deron o paso de escribir en galego; en Burón, Fonfría, Suarna ou Padrón a presenza tamén aumenta, mentres que no casco urbano da Fonsagrada a porcentaxe baixa ata un 2%. No mesmo sentido apunta a escritora Emma Pedreira, que percorreu cemiterios locais no marco do seu libro *As horas mortas* e documentou máis de cinco mil propiedades funerarias. En Sada realizou 3.660 visualizacións, nas que apenas 16 familias mantiveron estabilidade no galego, unha cifra que cualificou de “tesouros dignos dunha antoloxía”. A súa investigación comparativa entre espazos urbanos e rurais —Veigue, Cangas ou Centroña— mostra a desigual implantación do idioma segundo o territorio, mais tamén unha tendencia emerxente que se confirma co relevo xeracional. O xornalista David Canto Veiga coor-



dinou boa parte destes traballos e puxo en marcha un mapa divulgativo presentado no Consello da Cultura Galega en 2024, que compila información recollida en Galicia, Asturias occidental, O Bierzo e As Portelas zamoranas. Nel evidénciase que as primeiras xeracións alfabetizadas en galego durante a democracia son hoxe as que deciden sobre a lingua das inscricións dos seus familiares. Ese cambio xeracional está acompañado dunha maior transversalidade: participan máis mulleres, e o galego escrito deixa de ser exclusivo das persoas con estudos superiores.

Na provincia de Lugo, profesoras como Ana Rodríguez Barreiro, Lines Salgado Iglesias e Beatriz López Dourado constataron incrementos significativos en Meira, Terra Chá e na propia capital provincial. En Bande, unha iniciativa encabezada por Manuel Rivero Pérez e Adolfo Fernández Dafonte localizou unha inscrición en galego datada en 1924 no cemiterio de Baño, un achado excepcional que retrotrae a presenza escrita da lingua máis atrás do que se cría. En Chantada, a docente Tania Vázquez García, no marco do proxecto educativo Palabra e Memoria, analizou máis dun milleiro de familias e comprobou que en parroquias como San Salvador de Asma ou San Xurxo a porcentaxe de inscricións en galego, aínda reducida, amosa unha clara tendencia á alza. Segundo os seus datos, arredor dun 4% das familias xa optan polo idioma propio, un resultado semellante ao doutras zonas rurais. A perspectiva histórica é elocuente: no século XIX, tras o Rexurdimento, houbo exemplos illados de inscricións en galego, como a de Rosalía de Castro en Bonaval en 1891, mais logo chegou un longo período de escuridade no que desapareceron termos tan esenciais como “fillos” ou “netos” das lápidas. As iniciativas de sensibilización dos anos noventa, como *En galego agora e sempre* ou *Palabra e Memoria*, abriron camiño,

mais non foi ata a década de 2010 cando os avances comezaron a consolidarse.

A día de hoxe, o uso do galego nos cemiterios segue a ser minoritario e desigual, con porcentaxes que se moven entre o 2% de certas vilas e o 20% nalgúns concellos rurais. A explicación está na combinación de factores: o peso simbólico do castelán como lingua de prestixio, a inercia dos servizos funerarios, a liturxia relixiosa maioritariamente en castelán e a propia actitude das familias. Mais tamén hai sinais de cambio: a implicación das novas xeracións, o traballo de investigación cidadá e o interese institucional que comeza a abrir camiños.

Desde a perspectiva dunha política lingüística eficaz, o reto pasa por combinar medidas simbólicas e prácticas: promover que os rexistros civís e institucionais faciliten e normalicen o galego nas certificacións e documentación funeraria; ofrecer materiais e guías aos servizos funerarios e talleres de lapidaria para o uso correcto do galego; impulsar campañas informativas que sensibilicen sobre a importancia de nomear e despedir na lingua da persoa; e fomentar estudos sistemáticos que xeren datos comparables sobre a evolución por comarcas e concellos. Estas accións non só teñen un efecto simbólico senón que tamén contribúen a reparar a invisibilización histórica e a fortalecer a normalización lingüística no ámbito máis íntimo das familias.

Con todo, a transformación depende en grande medida das decisións das familias e das comunidades locais: a lingua das lápidas seguirá sendo un espello das actitudes colectivas cara ao galego. A recuperación parcial que documentan proxectos e xornalismo local mostra que a lingua pode volver ocupar o lugar que lle corresponde nas despedidas, mais tamén que esa recuperación será desigual se non se acompaña de políticas públicas e iniciativas culturais coherentes.



A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



O tramo urbano da LU-P-6405, clave para veciñanza e visitantes, recibiu unha mellora integral cun investimento de 170.000 euros

A Deputación de Lugo realizou traballos de mellora no tramo inicial da estrada provincial LU-P-6405, que conecta o centro do Vicedo coa praia de Xilloi, un dos principais destinos turísticos do concello. As obras, que supuxeron un investimento de 170.000 euros e foron executadas pola empresa Carferlo SLU, centráronse na zona urbana, dende a rúa Rosalía de Castro ata o punto quilométrico 1,400, á altura da igrexa de San Esteban.

A intervención incluíu a mellora da drenaxe, a pavimentación con aglomerado en quente e a renovación da sinalización horizontal e vertical, co obxectivo de incrementar a seguridade viaria e o confort na circulación. Este tramo é especialmente transitado tanto por residentes como por turistas, xa que dá acceso directo a varios negocios locais e constitúe a vía principal para achegarse á praia de Xilloi, moi frecuentada durante a tempada estival.

A actuación enmárcase no Plan de mellora das estradas 2025 da Deputación de Lugo, que conta cun orzamento global de 15,5 millóns de euros e que contempla tamén outras dúas intervencións no municipio mariñán. Trátase das estradas LU-P-6401 e LU-P-6402, que comunican diversas parroquias como Suegos, Falcoeira –no límite coa provincia da Coruña– e o Cristo de Portapena. O investimento previsto nestas dúas vías supera os 330.000 euros.

En conxunto, o organismo provincial destinará ao longo de 2025 preto de medio millón de euros á mellora da rede viaria do Vicedo, apostando pola modernización das comunicacións e pola posta en valor dos recursos naturais e turísticos da zona.



A DEPUTACIÓN CONTINÚA A MELLORAR A REDE VIARIA PROVINCIAL, FAVORECENDO DESTE XEITO A SEGURIDADE, O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO

Somos unha empresa especializada na Construción de Obra Civil con máis de 25 anos de experiencia no sector. Encargámonos de todas as fases do proxecto desde a planificación, construción e mantemento de obra pública.

- OBRA CIVIL
- FABRICACIÓN E SUBMINISTRACIÓN DE MESTURAS ASFÁLTICAS
- MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS
- TRANSPORTES ESPECIAIS
- ALUGUEIROS INDUSTRIAIS E COMERCIAIS
- DESEÑO DE PROXECTOS



A XX Rota Montes da Mariña terá un percorrido renovado

Foz prepárase para vivir unha fin de semana de motor e natureza coa celebración da XX Rota Montes da Mariña, organizada polo club Os Correcamiños 4x4. O evento terá lugar os días sábado 1 e domingo 2 de novembro, reunindo afeccionados ao todoterreo de diferentes puntos de Galicia e de fóra da comunidade.

Na xornada do sábado disputarase a clásica rota, que este ano presenta un percorrido renovado nun 60%, con preto de 90 quilómetros de pistas e camiños que poñerán a proba tanto a resistencia dos vehículos como a habilidade dos condutores.

O domingo será a quenda do Mini-track Especial de Brea, un trazado máis curto, de aproximadamente 20 quilómetros, pensado para ofrecer intensidade e espectáculo. Esta proba adoita concentrar nu-



meroso público, xa que permite ver de preto a destreza dos participantes nos terreos máis técnicos. Dende a organización destacan que se trata dunha cita xa consolidada no calendario do motor galego, que combina “aventura, compañeirismo e respecto polo medio natural”, converténdose tamén nun atractivo turístico para a comarca da Mariña.

O pleno rexeita a compra dun solar para vivenda social por 550.000 euros

No último pleno municipal, a proposta do goberno socialista de adquirir un solar céntrico por 550.000 euros para desenvolver vivenda social foi rexeitada cos votos en contra do PP e do BNG. O plan do PSOE condicionaba a compra ao compromiso da Xunta de construír vivendas de promoción pública, unha medida que, segundo o alcalde, Francisco Cajoto, buscaba ampliar a oferta de alugueiro social en Foz.

“PP e BNG votaron non á vivenda social”, sinalou Cajoto, lembrando que o Concello xa proporcionou terreos para proxectos similares no pasado, permitindo que familias sen recursos puidesen acceder a unha vivenda en rúas como Julia Minguillón e Corporacións Municipais. Ademais, o rexedor explicou que se continúa traballando na posibilidade de desenvolver o solar a través do Ministerio de Vivenda, pero que, de non prosperar esta alternativa, a Administración local debe actuar de maneira tradicional. Por parte do PP, Javier Castiñeira criticou duramente o plan, cualifi-

cándoo de “malgasto innecesario de máis de medio millón de euros nun terreo que podería ser cedido gratuitamente polo Goberno, como xa se fixo noutros concellos”. O voceiro popular recordou que en abril se aprobou unha moción para instar ao alcalde a negociar coa Sareb a cesión gratuita do solar, sen que ata agora se realizasen xestións efectivas.

Os populares insistiron na urxencia de vivenda protexida en Foz, especialmente para persoas novas e familias con menos recursos, e acusaron ao alcalde de actuar con “neglixencia e irresponsabilidade”, ao priorizar a compra diante dunha opción que non suporía custo económico para o Concello.

O BNG, pola súa banda, lembrou que a súa moción de abril tamén propoñía negociar a cesión do solar con Sepes para desenvolver vivenda pública, coincidindo así parcialmente coa necesidade de ampliar a oferta de alugueiro social, pero sen apoiar a compra proposta polo PSOE.

O PSOE reafirma a eficacia do seu plan de mobilidade fronte as críticas

O goberno de Foz, liderado polo alcalde Fran Cajoto, saíu ao paso das críticas do Partido Popular sobre o plan de mobilidade municipal, considerado polos populares un “fracaso total”. Segundo Javier Castiñeira, voceiro do PP, as medidas adoptadas non melloran o tráfico e xeraron problemas en puntos como a rúa Alfonso X, o cruzamento entre Illa Nova e Concello de Sarria ou a rúa Eduardo Pondal, onde se advertiron riscos viarios e dificultades para a circulación de vehículos, especialmente camións. Castiñeira criticou tamén os atrasos e sobrecustes de máis de 150.000 euros en obras como as do barrio das Casas Baratas, e denunciou atascos na avenida de Sarria e deficiencias en rúas como Irmandiños e Corporacións. “Todo isto demostra que Cajoto non ten un plan serio e que só se fan parches improvisados que custan cartos e complican a vida dos veciños”, subliñou o voceiro popular, instando a rectificación inmediata.

Ante estas críticas, o executivo local lembrou que as obras recentes, como a intervención no cruzamen-



to entre Illa Nova e Concello de Sarria, foron debidas a unha fuga de auga e non a unha mala planificación. Desde o PSOE destacaron que actuar con rapidez ante incidencias demostra que os servizos municipais funcionan e que o plan de mobilidade está pensado para ofrecer unha maior seguridade e calidade de vida.

Ademais, salientaron que o novo ciclo integral da auga traerá investimentos adicionais en saneamento e infraestruturas modernas, parte dun proxecto serio e planificado. “Difundir información falsa é irres-

ponsable e só contribúe a enlamar a vida política. As obras forman parte dun plan de modernización que beneficiará a todas as familias de Foz”, concluíron os socialistas, instando ao PP a actuar con responsabilidade e valorar o proxecto no seu conxunto.

O goberno insiste en que, aínda que se aceptan suxestións, o plan de mobilidade segue sendo a opción máis eficaz para ordenar o tráfico e mellorar os servizos municipais, garantindo que os investimentos repercutan directamente no benestar da veciñanza.

A piscina pechará en outubro para acometer melloras na cuberta



O Concello de Foz anunciou que a piscina municipal permanecerá pechada durante o mes de outubro debido ás obras de reparación da cuberta, mentres que o ximnasio continuará aberto con normalidade. A actuación conta cun orzamento de 80.000 euros, achegados pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo, e ten como prazo previsto de finalización a primeira semana de decembro. Ademais da intervención principal

na cuberta, os traballos incluírán a substitución de dúas baixantes destinadas ao desaugue da auga pluvial, así como o selado das suxeicións das pranchas, co obxectivo de garantir un illamento axeitado e evitar filtracións.

Paralelamente, o Concello informou de que xa se está a redactar o prego de condicións para a nova licitación do contrato de concesión da instalación, que caduca a finais de 2026.

O CEIP Nº 1 acollerá un curso sobre resolución de conflitos

A ANPA do CEIP Plurilingüe Nº 1 de Foz organiza un curso práctico centrado na resolución de conflitos, que terá lugar o venres 10 de outubro. A proposta, que conta coa colaboración de diferentes entidades e administracións, busca dotar ás familias e ao profesorado de ferramentas eficaces para afrontar situacións de desacordo no ámbito escolar e familiar.

O curso desenvolverase nas instalacións do propio colexio, entre as 16:00 e as 21:00 horas. Ao longo da tarde, as persoas participantes traballarán sobre dinámicas e recursos que permiten mellorar a comunicación, xestionar emocións e alcanzar acordos de maneira positiva.

Desde a organización destacan que se trata dunha oportunidade para adquirir habilidades prácticas que poden aplicarse tanto no día a día das aulas como na convivencia dentro do fogar. A inscrición debe realizarse a través do teléfono 679 284 178.

Teatro, cine e festas tradicionais para a programación de outono

O Concello de Foz vén de dar a coñecer a súa programación cultural para os meses de setembro, outubro e novembro, cun adianto do inicio de decembro, unha proposta que combina teatro, cine, música e actividades promovidas tamén polas asociacións da vila.

A concelleira de Cultura, Inés López Couto, destacou que o outono marca un cambio de ciclo: tempo de castañas, de novos comezos e de pasar dos espectáculos de rúa ás salas cubertas. Segundo sinalou, a nova tempada cultural busca chegar a todos os públicos con actividades semanais, ás que se irán sumando iniciativas complementarias.

O alcalde, Fran Cajoto, pechou a presentación salientando que a cultura é un eixo fundamental da acción municipal. Subliñou que o obxectivo é traer a Foz tanto propostas galegas de primeiro nivel como espectáculos chegados doutras partes do Estado, e puxo en valor o traballo das asociacións locais como parte esencial para construír unha programación ampla e variada.

O calendario arranca o xoves 9 de outubro coa obra de teatro para adultos Tres vellas na Romaría, na sala Bahía ás 20.30 horas. Ao día seguinte, venres 10, proxectarase na Casa da Cultura a curtametraxe As Neves, dentro do Ciclo Mestre Mateo,



tamén ás 20.30 horas e con entrada de balde.

A Festa do Pilar celebrárase os días 11 e 12 de outubro cun programa relixioso e musical. O sábado houbo misa, procesión e sesión vermú con Salsarena, ademais dunha verbena compartida co Grupo Beatriz. O domingo repetíronse os actos relixiosos, acompañados nesta ocasión pola AFC Subela, e a música correu a cargo do Grupo Sa Silva.

O ciclo audiovisual regresou o xoves 16 de outubro coa proxección Filmei paxaros voando, e a programación teatral retomouse o venres 17 con Sofá, tamén na sala Bahía. O mércores 22 chegou a quenda do público infantil, con As peripecias de Xurxo.

Outros títulos destacados foron Boa Sorte, Mala Fama (23 de outubro), Poeta en Nova York (31 de outubro), Último verán en Santa Cristina (7 de novembro), GPA. Galegos para abrir mundos (14 de novembro) ou Yo solo quiero irme a Francia (21 de novembro). O público infantil contou con propostas como Bulebule, o 16 de novembro.

No apartado cinematográfico proxecciónanse filmes como Cuñados, Aurora, Honeymoon, Prefiero condenarme, Xustiza artificial ou Salvaxe, salvaxe. A programación pechouse cun concerto da Banda de Música de Foz o 29 de novembro e un adianto do Nadal, co acendido do alumeado previsto para o 5 de decembro ás 18.00 horas.

A Aula da UNED abre o novo curso cun programa de xornadas informativas

A Aula Universitaria da UNED en Foz iniciou o curso 2025/2026 cun calendario de xornadas destinadas a achegar á comunidade a súa oferta académica e os servizos de apoio ao estudantado. A primeira sesión celebrouse o 29 de setembro de forma presencial nas instalacións da Aula de Foz, con retransmisión en liña, e estivo a cargo da coordinadora do centro, Marta Muíña Rodríguez. Durante o encontro explicáronse aspectos como a programación académica, os recursos dispoñibles, as vantaxes de estudar na UNED e o funcionamento do modelo semipresencial. “Queremos que o alumnado saiba como sacar o máximo proveito do noso sistema”, destacou Muíña.

Unha segunda xornada realizouse no Centro Asociado da UNED en Lugo, tamén en formato híbrido,

enfocada ao alumnado de novo ingreso. Participaron a directora do centro, Ana Belén Traseira, e a coordinadora do COIE, Carmen Gallego López, dentro do Plan de acollida ao novo estudantado.

A concelleira de Educación de Foz, Elena Martínez, resaltou a importancia destas actividades, que garantiron información clara e de calidade sobre as oportunidades que ofrece a UNED, unha ferramenta esencial para o futuro.

O prazo de matrícula para o curso 2025/2026 estivo aberto ata o 22 de outubro. As xornadas foron gratuítas e requiriron inscrición previa a través da web da UNED. As persoas interesadas tamén puideron obter información adicional na páxina oficial da universidade ou nos teléfonos 982.133.699 e 604.034.549.

Foz inaugura clases de baile de verbena para todas as idades

O Concello de Foz iniciou un novo programa de clases de baile de verbena, destinado a todas as persoas interesadas en aprender ou perfeccionar ritmos como bachata, rumba, bolero, vals ou merengue. As sesións desenvolveranse todos os martes, de 19:00 a 20:00 horas, desde outubro ata xuño.

O custo mensual será de 35 euros por persoa, e a inscrición pódese formalizar chamando ao número 617 775 027. A actividade está aberta a todos os

niveis, permitindo que tanto principiantes como persoas con experiencia poidan participar. Esta iniciativa busca combinar actividade física e diversión, ao tempo que promove un espazo de encontro e socialización para a veciñanza de Foz.

Os organizadores esperan que as clases se convertan nunha oportunidade para desfrutar da música, aprender novos estilos de baile e aproveitar os martes dunha maneira activa e lúdica.

Os nenos focegos disfrutan das novas actividades das Escolas Deportivas

En marcha unha nova edición das Escolas Deportivas Municipais, unha iniciativa que pretende combinar deporte, lecer e educación en valores. Desde o Goberno local subliñaron que o obxectivo é “fomentar hábitos saudables e transmitir valores como a responsabilidade, a colaboración e o esforzo” a través da práctica deportiva e cultural.

O programa ofrece unha ampla variedade de disciplinas adaptadas a diferentes idades. A patinaxe artística é no Pavillón CEIP O Cantel, con sesións os luns de 17:30 a 20:30 horas e os mércores e xoves en horario de tarde. Pola súa banda, a ximnasia rítmica desenvólvese no mesmo pavillón os martes, con grupos escalonados entre as 17:00 e as 20:00 horas.

O voleibol impártese no Pavillón

CEIP Nº1 os luns de 17:00 a 18:30 horas, mentres que os deportes de raqueta teñen lugar no mesmo espazo e horario os martes. Para os máis pequenos, hai Coreodance Kids os xoves de 17:00 a 18:00 horas. Tamén

contan con actividades artísticas e de contacto, como cerámica no Centro Social os xoves de 17:45 a 19:15, debuxo e pintura, ou kickboxing no Pavillón Torques de Marzán os martes de 17:30 a 18:30 horas.



EN BREVE

SAN FROILÁN. O Seminario de Estudos “Terra de Viveiro” anunciou a organización dunha excursión a Lugo con motivo da celebración do “Domingo das Mozas”, o vindeiro 12 de outubro de 2025. A saída terá lugar ás 9:30 da mañá desde a estación de autobuses de Viveiro e promete unha xornada chea de tradición, cultura e boa gastronomía. As persoas participantes poderán gozar dun completo xantar no restaurante Manolo de Marce, con polbo á feira, carne á maragata, sobremesa, café, bebidas e chupito. Despois, o programa continuará cun percorrido polo casco histórico da cidade, onde se poderá asistir a exposicións, visitar a mostra de Artesanía Popular e gozar das distintas actuacións e eventos que encherán as rúas e o recinto feiral. A ruta incluírá tamén a visita á coñecida Rúa dos Viños, un dos epicentros da festa. O prezo da viaxe está fixado en 45 euros para persoas socias e 50 euros para non socias, e as entradas poden adquirirse en Aquilino MAPFRE.

PASTOR DÍAZ. O Teatro Pastor Díaz de Viveiro xa ten lista a súa programación cultural para os últimos meses de 2025. O calendario abriuse o 27 de setembro con ‘Nin flores nin coroas’, da compañía 57 palabras teatro, unha comedia pensada para todos os públicos. Outubro traerá pezas de estilos moi variados: o día 4 representárase ‘María Visitación Consolación Amadora’, unha produción de Lúa Producións; o 11 será a quenda de ‘Guerra’, de Teatro Noroeste, un drama para maiores de 18 anos; e o 18 chegará o musical infantil ‘A nena e o grilo. Camiño das cores’, de Magín Blanco. A programación do mes pecharase o día 25 con ‘De aquí para alá coas emocións’, de Lydia Botana, un espectáculo musical para público infantil de ata 10 anos. En novembro, o Pastor Díaz acollerá o día 8 ‘Reconversión’, unha proposta contemporánea de Ibuprofeno Teatro; o 11 será a quenda do musical ‘Os tres porquiños’, pensado para público infantil; mentres que o 18 e 19 terá lugar a función escolar de ‘O carteiro de Ximaraos’, do Centro Dramático Galego. O día 22, a Banda de Música O Landro ofrecerá o Concerto Santa Icí e, como peche do mes, o 29 representárase ‘Un deus salvaxe’, unha comedia de Talía Teatro.

O PSOE acusa á Xunta de “abandonar” a rampla xunto á Ponte da Misericordia



O PSdeG-PSOE de Viveiro denunciou de novo a inacción da Xunta de Galicia ante o grave deterioro da rampla de sillares xunto á Ponte da Misericordia, que leva anos en risco para viandantes e escolares. Recordan que en xaneiro de 2024 a entón concelleira do PP, María Gueimunde, advertira do perigo para os rapaces e formulou preguntas no pleno sobre competencias e posibles obras urxentes. O concelleiro socialista Jesús Fernández Fernández respondeu entón, pero un ano e medio despois a situación segue igual ou mesmo peor, a pesar de que María Gueimunde exerce como alcaldesa desde marzo de 2025. Durante o verán

e agora coa volta ás aulas, centos de alumnos dos centros Luis Tobío, Vilar Ponte e María Sarmiento transitan a diario pola zona, polo que o perigo se agrava co tempo. O PSOE subliña que Portos de Galicia, dependente da Consellería do Mar, segue sen asumir responsabilidades e critica que, co orzamento da Xunta para 2025 de 13.954 millóns de euros, a falta de intervención resulta inxustificable. Para Jesús Fernández Cal, vice-secretario local do PSdeG-PSOE, esta situación evidencia o trato discriminatorio que o PP exerce sobre a veciñanza de Viveiro, e esixe unha solución inmediata para garantir a seguridade da poboación.

Viveiro regulariza gastos de 2024 cun acordo unánime da corporación

O Concello de Viveiro vén de aprobar unha modificación de crédito por importe de 427.669,74 euros destinada a afrontar facturas que quedaran sen aboar no exercicio de 2024. A decisión foi aprobada por unanimidade de toda a corporación, evidenciando un consenso amplo arredor da necesidade de dar saída a estes pagos pendentes. O concelleiro de Facenda, Martín Vale, explicou que os gastos corresponden ao período comprendido entre o 16 de setembro e o 30 de decembro do pasado ano. O maior importe débese á adxudicación do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria. Tamén figuran facturas de Gas Natural polo subministro eléctrico, que ascenden a 81.858 euros, así como de Sogama, con 46.588,22 euros polo tratamento de residuos urbanos no mes de outubro.

A relación de pagos inclúe ademais 17.182 euros destinados á empresa Asa-Son polo alugueiro de equipos de son para a Mostra Folclórica, e 9.438 euros correspondentes a concertos das festas patronais, entre outros moitos. O anterior responsable de Facenda, o socialista Jesús Fernández, pediu desculpas polo atraso no abono a estes provedores e recoñeceu que “cara ao final do ano sempre resulta máis complicado facer fronte a determinadas facturas”. Con esta modificación orzamentaria, o goberno municipal pretende regularizar a situación e garantir o cumprimento cos compromisos adquiridos, tanto en servizos básicos como en actividades culturais que forman parte da vida social de Viveiro.

A Deputación garante o seu apoio á Semana Santa e ao Belén xigante

A Deputación de Lugo confirmou que continuará apoiando dúas das citas máis emblemáticas de Viveiro: a Semana Santa e o Belén con figuras a tamaño real “Viveiro Ante o Berce”. Ambos eventos son considerados motores culturais, sociais, turísticos e económicos, atraendo cada ano a milleiros de visitantes e xerando un impacto directo na hostalaría, o comercio e os servizos da comarca da Mariña. Segundo a asesora de Presidencia, María Loureiro, este compromiso mantense tras varias reunións co presidente da Deputación, José Tomé Roca, quen destacou que o apoio “está máis que xustificado, porque representan unha tradición, un patrimonio cultural e tamén un motor económico para toda a provincia”. Desde a institución provincial lembran que será o propio Concello de Viveiro quen deba solicitar formalmente as achegas, achegando unha memoria detallada das necesidades, para garantir unha tramitación transparente e rigorosa.

A Semana Santa de Viveiro, declarada en 2013 Festa de Interese Turístico Internacional, é unha das celebracións relixiosas máis antigas e destacadas de Galicia. Entre os pasos máis recoñecidos figuran a Última Cea (1808), o Encontro, o Vía Crucis ou a procesión da Soidade, tamén chamada dos Caladiños.

Pola súa parte, o Belén “Viveiro Ante o Berce” conta cun cento de figuras que recrean escenas do Nacemento e da vida cotiá dunha vila tradicional, converténdose nun dos maiores reclamos do Nadal en Galicia. Con este respaldo, a Deputación reafirma a súa aposta por conservar o patrimonio cultural e impulsar o turismo e a economía local de Viveiro e da Mariña.

Iron Maiden e Marilyn Manson confirman presenza no Resurrection Fest 2026



O Resurrection Fest Estrella Galicia anunciou os primeiros nomes da edición de 2026, que xa se perfila como unha das máis espectaculares da súa historia. Iron Maiden liderarán o cartel cun concerto exclusivo en España dentro da súa xira especial Run For Your Lives, mentres que Limp Bizkit regresarán ao país tras 14 anos de ausencia, tamén cunha actuación única. A isto súmase a presenza de Marilyn Manson, un dos grandes reclamos desta nova entrega. O avance inclúe, ademais, bandas de referencia do metal como Trivium, Cavalera Conspiracy —que interpretarán o clásico Chaos A.D. de Sepultura— e P.O.D., representantes do revival nu-metal. O apartado máis

extremo chegará con Blood Incantation, mentres que Converge reforzará o carácter de culto do festival. O metalcore tamén terá protagonismo con Imminence, Thrown e Caliban. O Resurrection non esquece a diversidade estilística, con propostas como o directo festivo de Feuerschwanz, o rock psicodélico de The Vintage Caravan, a forza hardcore de House of Protection e Get The Shot, ou nomes recoñecidos como The Rasmus e Man With a Mission. O evento celebrarase en Viveiro do 1 ao 4 de xullo, consolidándose como referente europeo. “Este ano o cartel promete máis que nunca, e isto só é o comezo”, destacan desde a organización.

Unha obra que quedará no tempo e renovará o patrimonio

O fotógrafo e muralista Dani Caxete afronta o reto de pintar un mural dedicado ao Cristo da Agonía, combinando respecto pola tradición e a súa propia visión

Por Ana Somoza.

A nova decoración encargada pola Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro xa está en marcha: un mural de gran formato dedicado á figura do Cristo da Agonía, unha das imaxes máis veneradas da cidade, tallada en 1946 polo escultor José Rivas. O autor é Dani Caxete, fotógrafo especializado en astrofotografía e paisaxe astronómica, ademais de ilustrador, deseñador e pintor con longa traxectoria. O proxecto foi ideado case por casualidade. O propio artista contou que a primeira conversa xurdiu na inauguración do Mareómetro de Celeiro, cando Pepe Veiga, membro da organización, lle preguntou se estaría interesado en realizar un mural relacionado coa Semana Santa. “Aquela proposta sorprendeume, pero tamén me encheu de ilusión. Tiña diante unha oportunidade única para aportar algo á miña vila desde a arte”, recorda.

ORGULLO E RESPONSABILIDADE. O mural estará situado nun lugar cheo de simbolismo, na contorna da Avenida de Lourdes, a carón da igrexa de Santa María e do convento das Mares Concepcionistas. Para Caxete, traballar nese espazo supón un reto especial: “Sempre é un orgullo amosar o meu traballo en Viveiro. Poder realizar unha das miñas obras no casco histórico é, en certo modo, pasar a formar parte da súa historia, coa responsabilidade que isto implica”. Cando a temática é relixiosa, subliña, a responsabilidade medra aínda máis. “Representar algo tan cargado de paixón como a Semana Santa require o máximo dos meus respectos e agarimo. Sei que terá moita reper-

cusión na vila e por iso tento ser moi coidadoso en cada decisión”.

A ELECCIÓN DO CRISTO. A liberdade inicial do encargo permitiulle escoller o motivo. O pintor explicou que foi el quen decidiu centrarse no rostro de Xesucristo, aínda que a semellanza co Cristo da Agonía fixo que a idea inicial mudase lixeiramente: “Cando presente os primeiros bosqueños, decateime de que aquela expresión lembraba inevitablemente á imaxe de José Rivas. Decidín entón aproximarme máis a ela, porque é un símbolo para Viveiro e para a súa Semana Santa”. O reto, sinala, está en combinar fidelidade e personalidade propia: “O obxectivo é plasmar esa semellanza coa obra de Rivas e, ao mesmo tempo, aportar algo de min nesta representación”.

“Fotografía e pintura sempre foron moi parellas na miña carreira. Incluso cheguei a unilas ao restaurar fotografías antigas”

O REALISMO CLÁSICO. O estilo escollido será o realismo clásico. A técnica combinará aerografía, pinceis, brochas e rolo, adaptándose á textura complexa do muro: “A parede ten moita rugosidade, o que dificultará chegar ao detalle. Por iso decidín facer un enorme retrato en

gran formato, onde a forza radique na mirada e na expresividade”. O artista non quere limitarse a reproducir unha imaxe. A súa intención é equilibrar respecto pola tradición e unha achega contemporánea: “Busco unha imaxe en diálogo co clásico, con algún detalle que se poida considerar innovador, se é que algo pode ser innovador na pintura nestes tempos”. Nos bosqueños, tivo en conta as tonalidades e o encaixe no entorno histórico-artístico, polo que o proxecto recibiu o visto bo da Comisión de Patrimonio. Pero prefire non dar todo por pechado: “Na cabeza e nos esbozos a idea está asentada, pero sempre xorde algo novo no momento de pintar. A propia parede, a luz ou a localización poden modificar a obra. Iso é o que máis me apasiona: nada está garantido de antemán”.

PINTURA E FOTOGRAFÍA. A carreira de Caxete non se limita á pintura mural. É tamén un recoñecido fotógrafo de paisaxe astronómica. Explica que ambas disciplinas camiñan en paralelo: “Fotografía e pintura foron sempre moi parellas. Incluso cheguei a unilas cando restauraba fotografías antigas deterioradas, coloreándolas a man ou debuxándolas a carboncillo. O que hoxe se fai cun click antes era tremendamente laborioso e artístico”. Esa experiencia levouno a valorar a evolución tecnolóxica da fotografía e a mergullarse na astrofotografía. Co paso dos anos, especializouse na captura de imaxes da Vía Láctea, do espazo profundo e da planetaria.

PACIENCIA E PRECISIÓN. Sobre a



relación entre a pintura e a fotografía, considera que ambas requiren paciencia e precisión: “Din que un se volve experto tras 10.000 horas de práctica. Eu creo que xa dobrei esas horas tanto en pintura como en fotografía, pero sigo sen considerarme experto e aprendendo en cada proxecto”. A diferenza, explica, é que na pintura pode recrear calquera mundo coa técnica e o tempo axeitados, mentres que na fotografía real

“O reto está en intentar plasmar a semellanza coa fermosa obra de José Rivas e, ao mesmo tempo, aportar algo de min”

hai factores externos imposibles de controlar: “Moitas veces perseguín unha foto durante anos, repetindo viaxes ao mesmo lugar, e cando por fin sae, para o público semella unha imaxe casual, tranquila, cando en realidade hai moito esforzo detrás”.

VOLVER A VIVEIRO. Aínda que resi-

de en Madrid, volver a Viveiro é sempre especial: “Xa sexa por traballo ou pracer, é unha ledicia. Para min significa moito que a Xunta de Confrarías pensase en min para o cartel do ano pasado e agora para este mural. Sempre emociona sentirte valorado no teu pobo”.

PROXECTOS. Nos últimos meses tamén desenvolveu proxectos educativos en Viveiro, como un mural no CEP Lois Tobío: un cronograma simplificado do universo de 25 metros de longo, no que participaron os nenos e nenas pintando estrelas. “Foi unha experiencia increíble. Eles tamén puideron probar o aerógrafo e recibir unha pequena clase de astronomía”. Ademais, organizou actividades de observación solar e lunar cos máis pequenos, utilizando telescopios e proxeccións en pantalla. “As reaccións ao mirar polo telescopio non teñen prezo”, di. Entre os seus plans máis inmediatos está un proxecto videográfico relacionado co mar e a creación dunha plataforma chamada Atarazana, que pretende reunir artistas e artesáns galegos nunha galería virtual para promover e vender as súas obras.

Podes ler a reportaxe completa en: www.amariñaxa.com

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...

MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

David Catá transforma o faro de Burela nun espello da memoria mariñeira

O artista mariñán David Catá está a piques de rematar unha intervención artística que busca transformar o molde do faro de Burela, converténdoo nun espazo simbólico que entrelace identidade local e creación contemporánea. A proposta, bautizada como La piel del mar, combina distintas linguaxes artísticas, incluíndo música, pintura, fotografía e o corpo, creando unha experiencia que conecta a comunidade mariñeira coa súa propia memoria.

Dentro deste proxecto, Catá compuxo tamén a banda sonora 'El faro', inspirada no océano e no vínculo histórico dos veciños co mar. Esta peza musical integrará o interior do molde do faro unha vez finalizado, reforzando o carácter sensorial e simbólico da intervención.

Segundo explicou a alcaldesa de Burela, Carmela López, a iniciativa pretende que o faro deixe de ser só unha estrutura funcional para converterse nun referente cultural e turístico, capaz de narrar a historia da vila e da súa relación co océano. "Con esta intervención, damos un paso máis na nosa aposta por facer do faro algo máis que arquitectura; queremos que se converta nun espello da nosa memoria mariñeira", afirmou a rexedora.



O proxecto enmárcase na iniciativa municipal Burela Alumea – O Espello do Faro, que conta co apoio económico do Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro A Mariña – Ortegá, en colaboración coa Consellería do Mar e o Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA). A intervención de David Catá aspira agora a crear un faro que non só ilumine o mar, senón tamén a historia e a identidade colectiva da vila, ofrecendo á veciñanza un novo espazo de reflexión, creación e conexión co seu patrimonio marítimo.

Amancio Prada celebrará en Burela o 50 aniversario do seu disco dedicado a Rosalía

Burela converterase nunha das paradas destacadas da xira coa que Amancio Prada conmemora medio século da publicación do seu primeiro disco, dedicado á poesía de Rosalía de Castro. O concerto terá lugar o sábado 25 de outubro, ás 20:30 horas, no auditorio da Casa da Cultura.

Segundo explican os promotores, esta proposta vai máis alá dun simple aniversario. "Celebrar medio século dun disco é celebrar o camiño dunha vida enteira. Aquel primeiro álbum converteuse no compás que guiou toda a traxectoria de Prada, un diálogo permanente coa obra rosaliana que medrou co paso do tempo. Este concerto



é unha cerimonia de gratitude, unha oportunidade única para contemplar o traxecto percorrido e volver escoitar cancións que xa forman parte da memoria colectiva".

A Escola de Música incorpora unha materia de produción musical

A Escola Municipal de Música de Burela amplía este ano a súa programación cunha proposta novidosa: unha materia dedicada á produción musical, pensada para quen queira iniciarse no ámbito da creación sonora sen necesidade de contar con experiencia previa nin con material técnico especializado.

A materia, de carácter fundamentalmente práctico, permitirá que o alumnado desenvolva varios proxectos musicais ao longo do curso, experimentando con todas as fases do proceso creativo. Desde a composición e os arranxos ata a gravación, mestura e mástering, o obxectivo é que cada participante poida coñecer de primeira man as ferramentas esenciais da produción. Tamén se traballará con estacións de traballo dixitais, técnicas de síntese, sampling, programas de nota-



ción, protocolo MIDI e procesamento de sinais.

As sesións estarán dirixidas polo músico Adrián Arias Castiñeiras, que acompañará ao alumnado neste itinerario aberto a persoas de todas as idades. A Escola recomenda dispoñer dun ordenador persoal para poder sacar o máximo proveito ás prácticas.

En paralelo, o centro mantén abertas as súas xornadas de portas abertas ata o 19 de setembro, unha oportunidade para coñecer de preto a nova oferta educativa. Para obter máis información sobre inscricións, datas ou horarios, as persoas interesadas poden contactar a través do correo escolarademusica@burela.org.

Malestar en Burela polo inicio das obras na rúa Curros Enríquez

A remodelación da rúa Curros Enríquez en Burela está a provocar preocupación e críticas entre veciños, comerciantes e representantes políticos. A asociación de veciños O Vencello manifestou o seu malestar pola forma en que o Goberno municipal anunciou e iniciou os traballos, que comezaron apenas 48 horas despois da comunicación. O colectivo cualifica a actuación de precipitada e pouco transparente, subliñando que se trata dunha obra de gran relevancia, ao afectar á circulación e condicionar o futuro inmediato do municipio.

Entre as reclamacións de O Vencello destaca a ausencia do cartel informativo obrigatorio, no que deberían constar datos como licenza, orzamento, dirección técnica, financiamento e prazo de execución. O colectivo sinala que, mentres o Concello indica un prazo de tres meses, na Plataforma de Contratación figura catro meses desde o 1 de xullo, xerando dúbidas sobre a duración real da obra. Tamén criticaron a desaparición total das prazas de aparcamento sen que se habilitase previamente o novo estacionamento anunciado, así como a falta de melloras



urxentes noutras rúas, como os 150 metros de beirarrúas pendentes á altura do Perdouro e diante de Construdeco, que obrigan a peóns a cruzar dúas veces a calzada.

Pola súa banda, os concelleiros do Partido Popular denunciaron a falta de consenso do goberno local á hora de executar as obras, que xeran queixas entre veciños e comerciantes. A perda de prazas de aparcamento preocupa especialmente, debido ao posible impacto económico sobre os negocios da zona. Os populares criticaron tamén a ausencia do cartel informativo e a falta de planificación e información, o que aumenta as molestias e evidencia, segundo

eles, a incapacidade do executivo liderado pola alcaldesa Carmela López Moreno para desenvolver proxectos con acordo. O PP instou ao goberno municipal a demostrar máis humildade, escoitar á veciñanza e aos comerciantes e buscar solucións que minimicen os prexuízos derivados da intervención urbana, ao tempo que O Vencello reclama claridade, información completa e respecto pola veciñanza. As críticas revelan que, máis aló da intervención arquitectónica, a obra está a poñer sobre a mesa a necesidade de planificación, transparencia e diálogo coa cidadanía para evitar tensións e impactos negativos na vida diaria do municipio.

O Concello instalará cámaras para reforzar a seguridade viaria

O Concello de Burela vén de anunciar a posta en marcha dun sistema de videovixilancia nas vías municipais, co obxectivo de mellorar a seguridade tanto de vehículos como de peóns, ademais de reforzar a protección da veciñanza. Nos próximos días instalarase un conxunto de cámaras de última xeración, que inclúen equipos con lectura de matrículas, dispositivos robotizados e cámaras fixas.

A alcaldesa, Carmela López, explicou que “trátase dunha ferramenta máis para apoiar o traballo da Policía Local no control do tráfico e na resolución de incidencias. Non falamos dun sistema que multe automaticamente nin que estea pensado para sancionar, senón para reforzar a seguridade e a tranquilidade cidadá”. As cámaras permitirán un control continuo do tráfico durante as 24 horas do día, axudando a organizar a mobilidade e a garantir a seguridade viaria no casco urbano. Tamén contribuirán á protección



da veciñanza, tanto no tránsito de vehículos como na seguridade das persoas que camiñan polas rúas. Outro dos seus usos será a investigación de incidencias, xa que permitirán buscar vehículos por matrícula, marca, modelo ou cor, “algo especialmente útil en casos de danos, accidentes ou infraccións sen testemuñas”, engadiu López.

A cámara robotizada poderá orientar o seu enfoque en tempo real, ofrecendo apoio en even-

tos ou situacións concretas. As imaxes recollidas tamén poderán empregarse como proba en casos de delitos ou infraccións administrativas, como condutas incívicas, pintadas ou roubos.

A alcaldesa subliñou que se trata dunha “ferramenta para gañar en tranquilidade” e insistiu en que “as cámaras instalaranse para que a veciñanza se sinta máis segura. Queremos que Burela siga sendo unha vila tranquila, ordenada e protexida”.

Transforman as antigas vivendas do profesorado en vinte locais sociais

O Goberno local puxo en marcha este martes a reforma das antigas vivendas do profesorado co obxectivo de darlles un novo uso social e comunitario. O inmoble, composto por catro vivendas que xa viñan sendo empregadas parcialmente por entidades como a ANPA do CEIP Os Castros ou a Asociación Raíces Peruanas, atopábase nun estado de deterioro que facía necesaria unha intervención integral.

Co proxecto de rehabilitación, as antigas estancias —que dispoñían de tres dormitorios, baño, salón comedor e cociña— converteranse en vinte locais sociais dispoñibles tanto para as asociacións xa instaladas como para aquelas que soliciten espazo. En total, intervívase sobre unha superficie de 351,20 metros cadrados.

A actuación contempla a substitución das carpinterías, a demolición das antigas cociñas e baños, a mellora da impermeabilización, a instalación eléctrica nova, o pintado xeral, a reposición de pavimentos e a execución dunha soleira exterior que garanta a accesibilidade. O investimento ascende a 123.237,96 euros.

BNG e PP enfróntanse no pleno polos incendios e polo mercado semanal



O pleno municipal combinou aprobacións e críticas, centrando a súa atención tanto na resposta aos graves incendios forestais de agosto en Galicia como nas deficiencias do mercado semanal. O portavoz do BNG, Mario Pillado Mon, logrou aprovar unha moción que propón unha política integral de prevención e xestión de lumes, coa creación dun Fondo de Recuperación Económica, Social e Ambiental, un Plan de Emprego Verde para restaurar zonas afectadas, un modelo de monte multifuncional e resiliente, e o reforzo dos servizos de extinción, incluíndo melloras nas condicións laborais do persoal. Pillado destacou a magnitude da desolación, especialmente en Ourense, lembrando que quei-

máronse máis de 143.000 hectáreas segundo Copernicus, e referiuse ao incendio de 140 hectáreas en Barreiros do 14 de setembro, no que resultaron feridos cinco brigadistas.

Pola súa banda, o Partido Popular denunciou que o goberno municipal ignorou demandas dos comerciantes e usuarios do mercado, como a instalación de baños portátiles e contedores adicionais, e criticou os insultos do segundo tenente de alcaldesa durante a sesión. Ademais, cuestionaron a falta de información sobre as subidas do IBI e esixiron explicacións ao executivo. O pleno evidenciou así a necesidade de combinar políticas estruturais de protección do territorio con medidas prácticas que melloren a vida diaria da veciñanza.

Reorganizan o aparcamento para crear novas prazas



O Goberno local anunciou que os traballos para habilitar 40 novas prazas de aparcamento na rúa Leandro Cucurny xa están en marcha. Dende o Goberno local sinalan que a súa intención non é reducir o número de estacionamentos dispoñibles, senón reorganizarlos e trasladalos a diferentes zonas do municipio.

Segundo explicaron, a actuación forma parte dun plan máis amplo que busca dar resposta ás necesidades de aparcamento da cidadanía. Neste sentido, confirmaron que se seguirá traballando en novas reorganizacións e en alternativas que permitan mellorar a mobilidade urbana sen restar servizos á veciñanza.

Un taller de monicreques converterá a Biblioteca de Burela nun espazo de xogo

Burela contará cunha nova proposta cultural destinada ás nenas e nenos e ás súas familias. O sábado 18 de outubro, a Biblioteca Pública Municipal acollerá un obradoiro de construción e animación de monicreques de calcetín, que se desenvolverá de 11:30 a 12:30 horas.

A actividade está pensada para nenos a partir de 3 anos, que poderán asistir acompañados dos seus proxenitores. Durante o taller, cada participante terá a oportunidade de crear o seu propio monicreque e aprender a animalo, combinando creatividade,

xogo e expresión artística.

As inscricións xa están abertas na Biblioteca e permanecerán dispoñibles ata o 16 de outubro, en horario de mañá e tarde. O número de prazas é limitado a 40 participantes, que se cubrirán por orde de inscrición.

A xornada contará coa presenza de Tin (o Calcetín) e Tina (a Calcetina), dous simpáticos monicreques que animarán o obradoiro e acompañarán aos pequenos na súa experiencia.



FISIOVAL
Centro de Fisioterapia
y Osteopatía

Servicio de Podología

Daniel Pumares Ramil

Col. Nº 165

C/ Obispo Sarmiento, 4 - bajo
27740 Mondoñedo - Lugo

Tfno.: 982 521 364

Móvil: 686 468 815



Kornucopia pechará o ciclo Concertos no Camiño en Ribadeo

O ciclo Concertos no Camiño, impulsado pola asociación Catro Canos coa colaboración do Concello de Ribadeo e o apoio da Xunta de Galicia, chegará á súa clausura o sábado 11 de outubro cun concerto especial na Capela de San Lázaro. A banda ribadense Kornucopia será a encargada de poñer o broche de ouro a unha programación que dende setembro levou a música a distintos puntos do trazado do Camiño Norte ao seu paso pola vila.

A concelleira de Comercio e Turismo, Marta Saiz, convida a toda a cidadanía a achegarse á Capela de San Lázaro o 11 de outubro ás dez da noite para desfrutar da música de Kornucopia e despedir un ciclo que, segundo dixo, “demostra que Ribadeo pode ofrecer actividades culturais de calidade máis alá do verán”.

O CIM de Ribadeo promove unha saída ao balneario de Las Caldas

O Centro de Información á Muller prepara para o 26 de outubro unha viaxe ao balneario Aquaxana Las Caldas, en Oviedo, destinada a un grupo de 50 participantes. Trátase dunha proposta pensada para favorecer o coidado persoal e o encontro entre mulleres, nunha xornada que inclúe tempo libre na capital asturiana.

A saída está programada ás 9.00 horas desde a Escola de Música, co regreso previsto arredor das 18.00 horas. Durante a mañá, as asistentes poderán gozar das instalacións termiais do complexo e, xa na hora do xantar, terán ocasión de pasear por Oviedo e elixir onde comer, xa que a comida non está incluída.

O custo da actividade é de 36,10 euros por persoa, correspondente á cota de entrada ao balneario. O desprazamento en autobús, pola súa parte, será asumido polo Concello de Ribadeo. As inscricións permanecerán abertas ata o 15 de outubro no propio CIM, situado no Auditorio Hernán Naval, ou ben a través do teléfono 982 120 739.

A concelleira de Igualdade, Begoña Sanjurjo, explicou que a iniciativa busca ofrecer espazos de autocoidado: “Queremos crear ocasións nas que as mulleres poidan compartir, desconectar e lembrar que tamén teñen dereito a dedicarse tempo a si mesmas, tanto a nivel físico como emocional”.

A Deputación lanza novos cursos gratuítos de dixitalización en Rinlo, Vilaselán e Cedofeita

A Deputación de Lugo abriu o prazo de inscrición para unha nova serie de cursos gratuítos destinados a mellorar as competencias dixitais da cidadanía. As formacións desenvolveranse en novembro e decembro nas escolas de Rinlo, Vilaselán e Cedofeita, e abarcan desde o manexo de certificados dixitais ata aplicacións de Google e primeiros pasos co teléfono móbil.

O curso “Google e as súas aplicacións”, que incluírá ferramentas como Google Maps, Gmail, Calendario, Drive e Fotos, terá lugar na Escola de Rinlo en varias datas entre o 20 de outubro e o 1 de decembro, en horario de 17:00 a 19:00 horas.

Para aqueles que queiran aprender a utilizar o teléfono móbil, o curso “O teléfono móbil, primeiros pasos” impartirase na Escola de Vilaselán entre o 20

de novembro e o 9 de decembro, tamén en horario de 17:00 a 19:00 horas. A inscrición estará aberta ata o 5 de novembro. Finalmente, o curso sobre “Sinatura dixital, Ch@ve 365 e certificados varios, así como aplicacións de Sergas e Facenda” desenvolverase na Escola de Cedofeita entre o 1 e o 17 de decembro, con horario de 17:00 a 19:00 horas, e o prazo de inscrición remata o 17 de novembro.

As persoas interesadas poden reservar praza chamando aos teléfonos 982 260 075, 679 549 522 ou 646 857 614, por correo electrónico en eparadixitalizarse@deputacionlugo.org ou a través da web <https://yparadixitalizarselugo.com>.

Toda a información e os formularios tamén están dispoñibles na páxina web do Concello.

Rematan as melloras no local social de Noceda

O Concello vén de finalizar as obras de mellora no local social de Noceda, cun proxecto que se centrou principalmente na súa contorna exterior. Os traballos incluíron a construción dunha rampla de formigón para facilitar a accesibilidade ao inmoble e o acondicionamento da parcela adxacente, convertida agora nun espazo polivalente que poderá empregarse tanto para actividades veciñais como para uso de aparcadoiro.

O alcalde, Dani Vega, apuntou que

queda pendente actuar no interior do inmoble, co obxectivo de continuar a súa modernización e de facilitar que poida acoller diversas actividades. O alcalde lembrou que recentemente os veciños de Noceda organizaron unha comida de confraternidade nas instalacións e asegurou que o Concello seguirá apoiando iniciativas deste tipo, que fomentan a convivencia e a participación cidadá.

Segundo explicou, trátase dunha mellora que responde ás demandas veciñais.

Aberto o prazo de inscrición para o XX Mercado do Nadal

Ata o 20 de outubro permanece aberto o prazo de inscrición no XX Mercado do Nadal de Ribadeo. As bases para participar poden consultarse na páxina web do Concello.

Nesta tradicional cita, que chega á súa vixésima edición, poderán participar artesás con capacidade para exhibir e vender pezas de produción artesanal e de autoría propia; tamén produtos de gastronomía artesanal; e creadores, artistas e deseñadores como plásticos, gráficos, dixitais,

así como creadores de xoguetes ou moda, sempre que poidan exhibir e vender pezas de autoría propia en pequena escala.

O Mercado desenvolverase do 28 de novembro ao 8 de decembro na contorna da Praza de Abastos de Ribadeo, en horario de 11:00 a 14:30 horas polas mañás e de 17:00 a 21:00 horas polas tardes. O Concello establece un prezo de 150 euros por caseta e participante.

O Concello impulsa miradoiros, locais sociais e estradas

O Concello de Ribadeo continúa coa súa estratexia de revalorización do territorio, combinando melloras viarias, rehabilitación de espazos culturais e recuperación de áreas naturais. O alcalde, Dani Vega, destacou que o obxectivo é ofrecer valor engadido á cidadanía, fomentar a sustentabilidade e impulsar a vida social e económica.

No plano paisaxístico, crearase un novo miradoiro nas Carallas, un espazo ata agora degradado e usado como aparcadoiro ilegal. A intervención, en colaboración con Costas e o Goberno central, pretende protexer o medio e integrar este punto na ruta municipal de miradoiros, seguindo o modelo de Loctudy.

Paralelamente, avanza a rehabilitación dos locais sociais parroquiais, como o Círculo Habanero da Devesa, ligado á emigración indiana. As obras eliminarán

barreiras arquitectónicas, modernizarán instalacións e permitirán mellorar o escenario, cun proxecto subvencionado pola Xunta e complementado con orzamento municipal para mobiliario e equipamento. Vega incidiu en que apoiar ao tecido asociativo é clave para manter a vida cultural nas parroquias.

En infraestruturas viarias, invéstiranse 1,2 millóns de euros na mellora de estradas, con fondos da Xunta e da Deputación. Os traballos xa están en marcha en diversas parroquias e ampliaranse a Rinlo e á estrada da costa. Ademais, o Plan Avanza Rural achegará case 100.000 euros para melloras en Piñeira, Vilar Dompniñor e Vilaselán.

Segundo Vega, trátase dunha folla de ruta consensuada cos veciños: “queda moito por facer, pero con responsabilidade seguiremos avanzando”.

Vaise transformar o Parque dos Indianos cunha reforma integral



O Goberno local vén de poñer en marcha dúas actuacións de mellora que buscan recuperar espazos públicos e garantir a seguridade da veciñanza. Por unha banda, o Parque dos Indianos encara unha nova etapa cun proxecto de reforma integral financiado ao 100 % pola Xunta de Galicia. O alcalde anunciou o inicio das obras, salientando que se trata dunha intervención necesaria “para recuperar unha zona que levaba tempo en estado de abandono”.

Entre as novidades destaca a conversión do antigo calexón de terra nunha rúa con pavimento de formigón e beirarrúas de pedra, así como a substitución das baldosas de lousa deterioradas mantendo a mesma tipoloxía. O proxecto tamén contempla a renovación da rede de augas pluviais, a retirada das pérgolas da-

nadas e a mellora da zona verde.

En paralelo, o goberno local activou unha actuación de limpeza e conservación nas inmediacións do porto, desde a Fonte de Guimarán ata a capela de San Miguel, incluíndo a contorna do ascensor panorámico. Vega explicou que durante anos se rexistraron desprendementos de terra e acumulación de maleza que afectaban á rúa Calvo Sotelo e á entrada do Cargadeiro, polo que era “unha cuestión de seguridade que non podíamos seguir adiando”. Os traballos, tamén co apoio da Xunta, inclúen retirada de vexetación en risco e accións preventivas. O obxectivo é facer da zona portuaria un espazo máis seguro, accesible e atractivo, combinando seguridade e posta en valor do patrimonio.

O BNG critica o despilfarro no alugueiro do camiión do lixo

O BNG de Ribadeo volveu poñer o foco na xestión económica do goberno municipal, criticando o gasto continuado en aluguer dun camiión do lixo que, segundo apuntan, podería ser xa propiedade do Concello.

Segundo o voceiro do grupo, Pablo Vizoso, "pasan os meses e o Concello segue tirando os cartos no alugueiro do camiión do lixo. Tomando como referencia o pagado desde setembro de 2023, prazo no que vencía o contrato inicial de seis meses, sobrarían cartos para ter o camiión adquirido en propiedade. Até este momento lévanse tirado 108.000 euros que xa podían estar investidos para o ben de todas e todos os veciños".

Vizoso explicou que cada mes destínanse 4.500 euros ao alugueiro do vehículo, diñeiro que podería destinarse a outras necesidades do municipio. Ademais, a falta de investimento en propiedade impide ao Concello acceder a certas axudas, un agravante para a xestión local. "Cada vez saímos máis caro. É un exemplo máis da nefasta xestión do alcalde de Ribadeo", subliñou o voceiro do BNG.

O alcalde, Dani Vega, sinalou que o alugueiro do camiión corresponde á



época na que o BNG gobernaba en Ribadeo, e agora o Concello tan só fai o mantemento para que se atope en perfectas condicións. Na vindeira licitación do servizo, o Concello quere engadir tanto o camiión, como a maquinaria de lavado das rúas.

LUMES. O BNG de Ribadeo alerta do risco de incendios na Mariña ante o inicio do outono, sinalando que o vento do sur e a terra seca aumentan a probabilidade de lumes. Critican que, a 25 de setembro, o Concello aínda non iniciou os tratamentos preventivos mecanizados previstos

desde abril, responsabilizando ao alcalde Daniel Vega e ao goberno do PP pola "neglixencia" na protección dos montes e da veciñanza.

RÚA REINANTE. Tamén denunciou a perda da subvención de 36.000 euros destinada á mellora da rúa Reinante. O edil lembrou que, malia anunciarse en abril o inicio das obras incluídas no convenio do ARI, "cinco meses despois non se fixo nada". Vizoso acusou ao goberno local do PP de mala xestión e afirmou que a veciñanza queda "sen obras nin cartos".

Veciños de Ribadeo critican o abandono do final da avenida Rosalía de Castro



Un grupo de veciños amosou a súa preocupación polo estado no que se atopa o final da avenida Rosalía de Castro. O que noutro tempo fora un espazo verde con céspede e coidado, denuncian, "hoxe semella unha entulleira na que se botan restos de obra e podas particulares sen que o Concello poña medidas para evitalo".

Algúns residentes aseguran que a situación vén de lonxe, pero remarcan que iso non xustifica que continúe o abandono. "Que leve anos así non é razón para que se sigan acumulando entullos", apuntan. A visión de montes de restos na que fora unha das entradas máis transitadas da vila provoca

malestar entre a veciñanza, que demanda unha actuación inmediata.

As queixas non se limitan só a esa zona. Tamén fan referencia ao estado dunha parcela situada xunto ao almacén municipal en Vilaselán, que, segundo denuncian, se emprega como un punto de acumulación de materiais sen orde nin aproveitamento. "Hai xardineiras que poderían reutilizarse, bancos, baldosas e moitos outros elementos tirados e esquecidos, nun abandono total", lamentan.

A veciñanza pide ao goberno local que poña fin a esta situación, tanto por unha cuestión de imaxe como de aproveitamento dos recursos.

de COMPRAS polo COMERCIO da MARIÑA LUCENSE

Merca en FOZ e BARREIROS do 20 ao 25 de outubro

500€ en vales de compra

Sorteo 25 de outubro, 20:00 na Praza do Concello de Barreiros

COFINANCIA



COLABORA



Concello
de Foz

O 50 aniversario de Airiños do Xunco contará con cea-baile

Cervo prepárase para vivir unha noite moi especial o vindeiro 25 de outubro, cando a Asociación Cultural Airiños do Xunco celebre o seu 50 aniversario cunha gran cea-baile no local do Almacén. O menú estará composto por langostinos, carne asada, sobremesa, café, chopo e bebida, e a festa continuará con música, baile e algunha sorpresa. A animación correrá a cargo de DJ Conxuro, que será o encargado de poñer ritmo a unha celebración chamada a converterse no broche de ouro dun ano histórico para a entidade.

Desde a organización lembran que se trata dunha ocasión perfecta “para xuntarnos todos, quen pasou pola asociación nalgún momento e quen segue formando parte dela, porque Airiños do Xunco é sinónimo de comunidade”. As entradas poden adquirirse na Pousada O Almacén ata o 19 de outubro, cun prezo de 35 euros para adultos e 20 euros para nenos e nenas ata 12 anos.

O BNG reclama unha mellora urxente da atención sanitaria

O pleno municipal volveu centrarse na situación da sanidade pública en Cervo, nun debate no que o BNG cargou contra a xestión da Xunta e o Partido Popular defendeu o modelo actual, atribuíndo a precariedade na Atención Primaria a un problema común en toda a Mariña.

A nova portavoz nacionalista, Zulema Murado, presentou unha proposta para garantir unha cobertura estable de médicos e persoal de enfermaría en todas as quendas, incluíndo substitucións por baixas, vacacións ou permisos. Ademais, reclamou recuperar o servizo destinado ás persoas desprazadas no verán, suprimido hai anos, e reforzar tamén o cadro administrativo, tendo en conta o aumento da poboación nos meses estivais.

O pleno serviu igualmente para oficializar cambios no grupo municipal do BNG. Diego Fernández, ata agora portavoz, renunciou por motivos persoais agradecendo o apoio recibido. O relevo asumírao Zulema Murado, concelleira e integrante da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Mariña. No próximo pleno incorporárase David Villares, terceiro da candidatura nacionalista en 2023.

O Concello avanza na elaboración da Relación de Postos de Traballo

O Concello continúa a dar pasos firmes no proceso de elaboración da Relación de Postos de Traballo (RPT), un documento clave para organizar os recursos humanos municipais. Trátase dun trámite complexo que require tempo, análise técnico e consenso, e que se está a desenvolver segundo a folia de ruta marcada polo executivo local ao inicio da lexislatura. Na Mesa Xeral de Negociación celebrada onte, a rexedora Dolores García Caramés comunicou aos representantes dos traballadores a aprobación formal do inicio da RPT. A decisión foi ben recibida polo persoal, algo que a alcaldesa interpretou como “un sinal claro do compromiso do goberno local coa mellora das condicións laborais, que repercute de xeito directo na veciñanza e na prestación de servizos de maior calidade”.

García Caramés fixo un chamamento á responsabilidade e á cooperación de todas as partes implicadas para culminar con éxi-



to o proceso: “Estamos a traballar con seriedade, revisando cada detalle, e coa vontade de acadar un resultado beneficioso para todos. É tempo de remar na mesma dirección, porque ao final todos traballamos pola veciñanza de Cervo, e queremos que todo funcione da mellor maneira posible”.

BIOMASA. O Concello está a renovar a calefacción da Casa Consistorial, substituíndo a antiga caldeira de gasóleo por unha de

biomasa alimentada con pellets. O proxecto mellora a eficiencia enerxética, reduce emisións contaminantes e os custos de mantemento. A alcaldesa Dolores García Caramés destacou o compromiso coa sustentabilidade e o uso de enerxía limpa e local. O investimento é de 97.883 euros, co apoio de subvencións da Xunta e fondos europeos, incorporando un silo de almacenamento de pellets que moderniza o edificio municipal.

‘O Club’ devolverá vida social e cultural ao local de Riocobo en Cervo



O Concello de Cervo chegou a un acordo para dar un novo uso ao local social de Riocobo, que volverá ser un punto de referencia veciñal grazas á iniciativa de dous mozos emprendedores locais, Adrián Cao Borrajo e Alejandro Molina Otero. Ambos poñerán en marcha ‘O Club’, un proxecto hostaleiro e cultural destinado a dinamizar a vida social e económica do municipio. O espazo recuperará a súa esencia como lugar de encontro, ofrecendo unha cafetería con produtos locais de calidade e unha programación cultural variada que incluírá concertos acústicos, espectáculos de

humor, cine-fórum, exposicións, obradoiros, clubs de lectura e actividades para todas as idades, ademais de propostas especiais durante o verán e o Nadal. A alcaldesa, Dolores García Caramés, destacou que o proxecto permite ampliar servizos, apoiar o autoemprego e xerar novas oportunidades culturais e económicas, desexando aos promotores éxito e resaltando a repercusión positiva para todo o municipio. Os emprendedores subliñan que ‘O Club’ será un espazo aberto para convivir, compartir e fomentar a vida social de Riocobo e de todo Cervo.

Tres programas municipais reforzan a educación, a conciliación e o envellecemento

O Concello de Cervo vén de abrir tres liñas de apoio e programas dirixidos a diferentes sectores da veciñanza, cun claro obxectivo común: mellorar a calidade de vida, acompañar ás familias e reforzar a cohesión social. Por unha banda, destínanse 12.000 euros ás axudas municipais de transporte escolar para estudantes menores de 30 anos que cursen formacións non dispoñibles no municipio. As solicitudes poden presentarse ata o 20 de outubro, tras revisar as bases na Casa da Cultura, no Concello ou na sede electrónica. Cada beneficiario poderá recibir entre 150 e 250 euros, segundo a renda familiar, sempre que curse estudos universitarios, ciclos de FP, Bacharelato en modalidades alleas á oferta local ou ensinanzas musicais en conservatorios oficiais. “Queremos facilitar que a nosa mocidade acceda á formación que desexa, mesmo cando non está dispoñible en Cervo”, subliñou a alcaldesa, Dolores García Caramés. Tamén segue aberto, ata o 17 de outubro, o prazo de axudas para a compra de libros e material escolar no ciclo de Educación Infantil, destinadas ao alumnado do CEIP Península da Paz e do CEIP de Cervo.



A documentación debe presentarse no Rexistro Xeral, xunto coa factura do material adquirido en establecementos locais.

En paralelo, o 1 de outubro arrincou unha nova edición do programa Arruguiñas, orientado ao envellecemento activo das persoas maiores de 60 anos. A iniciativa, que se prolongará ata xuño, ofrece talleres de memoria, exercicio físico, actividades terapéuticas, inglés funcional, manualidades, aprendizaxe de lingua de signos, encontros interxeracionais e mesmo terapia asistida con cans. Para Caramés, este programa “reforza o papel fundamental que as persoas maiores desempeñan no municipio”.

Nova edición dos “Brincos de Lecer coa Ra Ramira”

A vila conta cunha nova edición do programa de ocio e tempo libre “Brincos de Lecer coa Ra Ramira”, dirixido ao alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria na Casa da Cultura de San Cibrao. As actividades buscan estimular a creatividade, favorecer a aprendizaxe e promover a convivencia entre os máis novos, ofrecendo unha ampla variedade de obradoiros adaptados a cada nivel educativo.

A principal novidade deste ano é o obradoiro “Playing in English”, que permitirá practicar inglés mediante xogos. Ademais, manteranse actividades consolidadas como Brincos, Croacbooking, Ramira de Castro, Problemas na Charca, Club de Ramira, Aprender a Aprender e os Fines Anfíbios, encontros temáticos que se celebrarán dúas fins de semana ao mes.

A alcaldesa destacou que o programa fomenta a aprendizaxe, a creatividade, e ofrece unha ferramenta de conciliación familiar. As sesións realizaranse de luns a venres en horario de tarde.



Concello
de **CERVO**

arruguiñas

O Concello de Cervo pon en marcha unha nova edición do programa Arruguiñas, unha iniciativa de envellecemento activo dirixida ás persoas maiores de 60 anos, e que se desenvolverá ata o mes de xuño.

O prazo de inscrición continúa aberto durante todo este mes de outubro na Casa da Cultura e no propio Concello.

Todas as actividades son gratúitas e inclúen talleres de memoria, terapéuticos, inglés, rutinas de exercicio, lingua de signos, actividades de socialización, charlas e obradoiros interxeracionais, entre outras.



Talleres de memoria



Talleres terapéuticos



Obradoiro Activade

Arruguiñas no TDR



Charlando



Iniciación da lingua de signos



NOVIDADE!
Taller de inglés práctico



Programa Móvete

A Chocolateira lanza un Programa Cultural Activo

A Asociación Músico-Cultural Eco das Minas, coñecida como A Chocolateira, vén de anunciar a posta en marcha do seu Programa Cultural Activo, unha iniciativa que busca dinamizar a vida social de A Pontenova cunha ampla variedade de propostas formativas e de lecer.

O proxecto, que conta coa colaboración do Concello, inclúe disciplinas dirixidas a diferentes públicos: baile tradicional, ioga, pintura con acuarela e zumba. As sesións estarán a cargo de profesionais especializados. Así, o baile tradicional será impartido por Adrián Méndez, do grupo De Ninghures; o ioga correrá a cargo de Ana; a acuarela estará nas mans de Rocío, de Efe Efe Estudio; e a zumba será responsabilidade de Rocío, instrutora de baile e fitness.

Desde a entidade organizadora destacan que esta programación pretende crear espazos de encontro interxeracional, ao tempo que promove hábitos saudables e o achegamento á cultura. As persoas interesadas poden obter máis información e reservar praza contactando directamente co profesorado a través dos teléfonos de contacto habilitados.

CONCELLO. O Concello anunciou a posta en marcha dun programa de clases de ximnasia e mantemento dirixido á veciñanza, cun carácter totalmente gratuito. A iniciativa desenvolverase en varias parroquias do municipio, co obxectivo de promover hábitos de vida saudables e fomentar a convivencia interxeracional.

As sesións estarán distribuídas do seguinte xeito: en Xudán, de 16:30 a 17:30 horas; na Casa da Cultura da Pontenova, de 17:40 a 18:40; en Vilameá, de 18:50 a 19:50; en Rececende, de 20:00 a 21:00; e en Acebo, de 21:15 a 22:15 horas.

Desde o Concello subliñan que a actividade non só pretende mellorar a condición física das persoas participantes, senón tamén crear un espazo de encontro que contribúa ao benestar emocional e á dinamización social.

Ademais, como complemento a este programa, celebrarase un curso-charla sobre saúde mental e emocional para familias. A cita terá lugar no Centro Social Blanca Muruais de Saldoira o 17 de outubro, entre as 16:00 e as 20:00 horas. Para inscribirse é necesario contactar con Alba no teléfono 619 679 667.

O proxecto da residencia de maiores queda en suspenso

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo deu luz verde ao inicio do proceso de rescisión do contrato coa construtora Naray, responsable da obra da residencia de maiores de A Pontenova. A decisión chega despois de que se superasen tres prórrogas sen que os traballos quedasen finalizados. O deputado provincial de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, explicou que a empresa dispón agora dun trámite de audiencia. Mentres se avanza na rescisión, a Deputación está a estudar diferentes opcións para retomar os traballos e garantir a súa conclusión no menor prazo posible. Segundo indicou Rivera, na actualidade está completado arredor dun 80 % do proxecto. A construtora Naray é tamén a encargada da reforma do hospital asilo de Ribadeo, unha actuación cuxo prazo inicial de execución xa foi superado. Neste caso, o alcalde Dani Vega precisou que se concedeu unha prórroga que segue vixente.

A residencia de A Pontenova fora adxudicada no ano 2021 por 1,97 millóns de euros. O centro constrúese nunha parcela de máis de 2.000 metros cadrados situada na Chousa de Abaixo, en Vilaou-



driz, adquirida previamente polo Concello. Segundo o modelo da Rede de Residencias Provinciais impulsada pola Deputación, contará con 30 prazas de residencia e 20 de centro de día, xerando uns 25 postos de traballo directos. O proxecto establecía un prazo máximo de 15 meses para a execución da obra, aínda que a apertura definitiva dependerá dos permisos autonómicos pertinentes.

O alcalde da Pontenova, Darío Campos, explicou que “é unha obra moi importante e é unha mágoa que a obra leve tanto atraso. É un servizo que a xente demanda e creo que funcionará moi ben”.

Campos tamén se referiu á satisfacción persoal que lle supón esta iniciativa: “A residencia é unha cousa que a min persoalmente faime moita ilusión e teño moitas ganas de que chegue o momento de abrila. É un dos servizos que a min, como alcalde da Pontenova e desde o comezo do meu mandato, máis importante me pareceu e por iso sempre quixen sacala adiante”.

Con estas palabras, o rexedor reiterou o seu compromiso co desenvolvemento de servizos sociais no municipio e coa mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas da Pontenova.

riotorto

Augaxosa acolleu a feira de gando con máis de 120 exemplares

A parroquia da Augaxosa celebrou a súa tradicional feira de gando, unha cita que mantén viva a tradición dos mercados gandeiros documentados nesta localidade cando menos desde o século XVIII.

O recinto feiral reuniu máis de 120 cabalos, eguas e poldros procedentes de diferentes explotacións da contorna. Entre elas destacaron a gandería de Ricardo Veiga, de Vilaseca, en Riotorto, a de Xan das Bouzas, de Mondoñedo, e a de Miguel Miranda, da Pontenova, que foron recoñecidas cos premios ás ganderías con maior número de exemplares presentes na feira.

A área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo colaborou coa Asociación de Veciños da Augaxosa na organización desta cita, que ademais do tradicional



mercado cabalar incorporou unha mostra de razas autóctonas con exemplares de vacas caldelá, limiá e vianesa, así como ovellas e cabras galegas e a pita de mos. O programa completouse con postos de alimentación, artesanía e téxtil, ademais de demostracións de cestería e tornería. As persoas asisten-

tes puideron degustar tamén de maneira gratuita hamburguesas elaboradas con carne de poldro de Pura Raza Galega, dentro do programa de promoción de razas autóctonas “Un gusto de rural, un rural de gusto”, impulsado pola área de Rural da Deputación de Lugo.

O municipio contará cos novos Espazos das familias

A Pontenova acollerá desde este mes unha nova edición dos Espazos das familias, unha iniciativa educativa que busca crear puntos de encontro semanais para pais, nais e crianzas de entre 0 e 6 anos. As actividades terán lugar todos os martes ás 17.00 horas no CEIP A Pontenova.

Este proxecto, promovido pola ANPA do centro en colaboración coa asociación socio-educativa Antonio Gandoy, enmárcase no programa Preescolar na casa e ten como finalidade reforzar os vínculos familiares, ofrecer recursos para a crianza e fomentar un espazo aberto ao diálogo e á aprendizaxe compartida.

As sesións estarán conducidas por Olaia Otero Cao, mestra de Educación Infantil, facilitadora de Disciplina Positiva e orientadora familiar. As familias participantes poderán gozar de xogos que estimulan o desenvolvemento infantil, recibir formación específica, resolver dúbidas e compartir experiencias nun ambiente de apoio mutuo.



Desde a organización subliñan que se trata dunha oportunidade para “acompañar ás familias na crianza e poñer en valor a importancia do tempo compartido cos máis pequenos”. Para inscribirse ou solicitar máis información, pódese contactar a través dos teléfonos 626 098 702 (Luisa) e 620 175 421 (Lucía) ou no correo electrónico antoniogandoyeducacion@gmail.com.

CIRCUITO DE TEATRO PROFESIONAL 2025

Trécola Producións · Xamón Producións · Ítaca Teatro
Ubú Teatro · Teatro do Miolo · Señor López Producións
Satori Teatro · Lílâ Teatro · Bátega Teatro · Mircromina
Títeres · A Compañía Solitaria do Dr. Monifate · Loia
Producións · Tarabela Creativa · Bengala Teatro Físico
Enésima · ZoeVixion



DEPUTACIÓN
DE LUGO

VICEPRESIDENCIA



Cultura

o valadouro

A Deputación de Lugo destina 10.000 euros ao refuxio de animais

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou no Pazo de San Marcos un convenio coa presidenta da Asociación Protectora de Animais O Valadouro-Alfoz, Lucía López Tallón, que permitirá achegar 10.000 euros para o mantemento do refuxio comarcal con capacidade para acoller 30 cans e gatos.

A achega económica da institución provincial súmase a arredor de 1.000 euros de fondos propios da entidade e destinarase á alimentación dos animais, gastos veterinarios, aseso-

ramento fiscal e contable, pólizas de seguro, servizos de desinfección, así como á limpeza e ao mantemento diario das instalacións.

Tomé Roca destacou que esta colaboración vai máis alá da protección animal. “Aquí estamos a facer unha inversión en benestar social, saúde pública, educación e sustentabilidade”, afirmou. O presidente provincial subliñou que “as protectoras de animais desenvolven unha función que repercute en toda a comunidade: garanten seguridade e salubridade, transmiten valores de respec-

to e responsabilidade e contribúen ao desenvolvemento sostible da sociedade”.

O refuxio, situado na parroquia de Santa Cruz, no Valadouro, atende ás necesidades dos municipios do Valadouro, Alfoz, Muras e Lourenzá. Desde a súa construción no ano 2018 con fondos da propia Deputación, converteuse nun recurso esencial para a comarca, consolidando unha rede de instalacións que mellora a capacidade de resposta fronte ao abandono animal e reforza a atención no territorio mariñán.

O Valadouro acollerá a XXXVIII Feira do Mel o 11 de outubro

O Valadouro prepárase para acoller unha nova edición da súa histórica Feira do Mel, que alcanza este ano a súa XXXVIII convocatoria. A programación, organizada polo Concello en colaboración coa Asociación Galega de Apicultura e outras entidades, desenvolverase os días 10 e 11 de outubro e combinará actividades culturais, degustacións gastronómicas, música e propostas para todas as idades.

O venres 10, a Casa da Cultura abrirá a programación cun contacontos musical a cargo de 2Pícaras, titulado A Abella Sabelotodo. Xa o sábado 11, a feira instalarase na Praza de Santa María e nas rúas do centro, cunha apertura oficial



ás 10:00 horas. O público poderá gozar dunha exposición de colmeas decoradas polo alumnado

dos colexios do Castro de Ouro e Santa María, así como participar en obradoiros de velas e pulseiras. A mañá incluírá tamén pasarrúas con AC Amado Lar e unha demostración con degustación de filloas con mel, ademais de cafés e ecocócteles servidos pola Escola de Hostalería de Foz. Pola tarde, haberá dous sorteos de lotes de produtos da feira, contacontos a cargo de Raquel Queizás, música coa charanga Bandiños Band e degustación de castañas asadas.

Un evento que cada outono converte O Valadouro nun escaparate do mellor mel galego, ao tempo que enche as rúas de vida, tradición e sabor.

Novos obradoiros de manualidades

O Goberno local anunciou a posta en marcha dun novo obradoiro de manualidades pensado como espazo de convivencia, aprendizaxe e conciliación para persoas adultas da vila. As sesións celebraranse na Sala Anexa da Casa da Cultura e estarán coordinadas por Beatriz Ramil Parapar.

A actividade desenvolverase de outubro a xuño de 2026, todos os mércores a partir das 16:30 horas, sen ningún tipo de custe nin para o Concello nin para as persoas participantes. Ademais de manualidades, está prevista a posibilidade de realizar outras labores, compartindo coñecementos e fomentando un ambiente de encontro.

Desde o Concello subliñan que este tipo de propostas permiten ofrecer alternativas de lecer saudable.

Amado Lar convida á veciñanza a celebrar o seu 40 aniversario cunha cea-baile

A Asociación Cultural Amado Lar está de aniversario e quere compartilo con toda a veciñanza do Valadouro e comarca. Con motivo dos seus 40 anos de traxectoria, a entidade organiza unha gran cea-baile o sábado 22 de novembro, a partir das 22:00 horas, no pavillón municipal.

O menú, elaborado e servido por Chao da Brea, será un cocido completo con sopa, cabeza, lacón, botelo, costela, patacas, garavanzos, verdura, bebida, sobremesa, café e chopo. Unha proposta pensada para gozar da gastronomía tradicional galega nun ambiente festivo. Os prezos da cea son de 32 euros

para socios e alumnos —que poderán asistir con acompañante—, 36 euros para non socios e 15 euros para nenos de 5 a 9 anos. A música estará a cargo do grupo Eventec, que animará a velada con baile e diversión para todas as idades.

As reservas poden facerse ata o 16 de novembro a través dos teléfonos de contacto facilitados pola organización. Desde a directiva de Amado Lar sinalan que esta celebración “é unha ocasión perfecta para reunir ás persoas que fixeron posible estas catro décadas de vida cultural e para seguir mantendo viva a tradición no Valadouro”.

O PSOE e o PP cruzan acusacións pola xestión da nave municipal do Coto da Recadieira



O debate político en Mondoñedo volve subir de ton arredor da nave municipal do Coto da Recadieira. O Grupo Municipal Socialista anunciou que levará ao próximo pleno unha iniciativa na que reclama ao executivo local do PP unha intervención urxente para organizar, limpar e acondicionar estas instalacións, que consideran fundamentais para o bo funcionamento dos servizos públicos.

Segundo os socialistas, o espazo atópase nun estado “deplorable”, con acumulación de lixo, materiais reciclados, colchóns, vehículos deteriorados e outros residuos. Engaden que esta situación non só compromete a seguridade laboral do persoal municipal, senón que tamén ofrece unha imaxe de desleixo institucional “que non está á altura do esforzo da veciñanza mindoniense”.

Desde o PSdeG defenden que a súa tarefa de oposición céntrase en fiscalizar e propoñer solucións, e lembran que grazas ás súas demandas o río dos Muíños volveu ter auga.

Tamén insisten na necesidade de crear un grupo de traballo con administracións e veciñanza para buscar unha solución definitiva a este problema. En paralelo, lamentan as declaracións do PP, que os cualificou como “a peor oposición da historia de Mondoñedo”, e piden ao goberno local que abandone as descalificacións e abra espazos de colaboración.

Pola súa banda, o executivo municipal respondeu con firmeza, asegurando que a fotografía empregada polo PSOE para ilustrar a súa denuncia foi tomada “xusto despois da recollida mensual de enseres que realizamos con medios propios”. Segundo explican, esa imaxe non reflicte a realidade do servizo, xa que posteriormente procédese á selección e tratamento dos materiais para a súa reciclaxe.

O goberno mindoniense subliña que, malia os limitados recursos dun concello pequeno, este servizo realízase de forma regular e responsable, co obxectivo de garantir unha xestión ambiental sostible.

Convocan o II Premio Álvaro Cunqueiro de novela

O Salón de Plenos do Concello de Mondoñedo foi o escenario da presentación do II Premio Álvaro Cunqueiro de Novela, unha iniciativa impulsada polo propio Concello en colaboración coa Casa Museo Álvaro Cunqueiro e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. O certame nace co obxectivo de render homenaxe á figura e ao legado literario do escritor mindoniense, ao tempo que busca estimular a creación literaria en lingua galega e favorecer a súa difusión.

O galardón contará cunha dotación económica de 5.000 euros, que se entregará de maneira indivisible a unha única obra gañadora. As persoas interesadas

deberán presentar os seus orixinais por sextuplicado, a espazo e medio, con letra Arial tamaño 12, numerados e encadernados en rizo. A documentación deberá remitirse antes do 31 de outubro de 2025 ao enderezo do Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, 1, 27740 Mondoñedo, Lugo). O fallo do xurado farase público arredor do 22 de decembro, coincidindo coa data do nacemento de Álvaro Cunqueiro, nun acto que servirá tamén como recoñecemento á súa figura literaria.

Deste xeito, Mondoñedo reafirma a súa condición de cidade literaria e a súa aposta pola cultura como elemento de identidade e proxección.

As San Lucas chegan con cabalos e grandes concertos

Do 16 ao 20 de outubro, a cidade volverá ser un referente festivo e cultural cunha programación variada para todas as idades

Mondoñedo xa ultima todos os preparativos para acoller, do 16 ao 20 de outubro, unha nova edición das súas históricas feiras e festas das San Lucas. A cidade episcopal volverá encherse de música, tradición e cabalos nun programa que mestura os actos máis populares cos espectáculos actuais, mantendo viva unha das citas máis singulares do calendario festivo galego.

A xornada inaugural será o xoves 16 de outubro, cando as bombas de palenque e o repenique das campás da Catedral anuncien oficialmente o comezo. O día estará cheo de propostas: dende o xantar-baile para a terceira idade no pavillón municipal, ata os xogos populares para a rapazada. Xa pola noite, terá lugar o pregón, protagonizado por Carlos Folgueira, continuador do legado do “Rei das Tartas”, nun acto acompañado polo coro Mestre Pacheco e o grupo de gaitas Carricantos. A verbena na Alameda, a cargo da orquestra La Fórmula, servirá de punto e final ao primeiro día.

O venres 17, Día das Vésperas, reservase un espazo especial para lembrar a figura de Xosé Vizoso, coa ruta polas rúas decoradas con carteis do artista, unha mesa redonda, a presentación dun libro e a inauguración dunha exposición. Pola tarde chegará un dos momentos máis esperados: a entrada dos cabalos na cidade, descendentes daqueles que xa montaban os celtas e que seguen enchendo de vida as rúas mindonienses cada ano. A chegada estará acompañada dunha retransmisión en pantalla xigante na Praza da Catedral, con gradas habilitadas para



o público. A verbena continuará na Alameda coas orquestras Tekila e Waykas, mentres que na Praza do Seminario soará o concerto especial de Efecto Mariposa, no seu 25 aniversario, acompañados por GrandeOsso.

O sábado 18, Día das San Lucas, comezará cedo coa gran feira tradicional de gando cabalar, que manterá a esencia desta cita secular. Ademais das ruadas de gaitas e da misa en honra de San Lucas, celebrarase a entrega de premios do concurso de gando e o IV Concurso de Andadura do Cabalo Marchador Galego. Xa á noite, o mestre internacional da doma Miron Bococci protagonizará un espectáculo ecuestre na Praza da Catedral, unha das citas máis espectaculares do programa, con xogo de luces e música en directo. O día pecharase coa verbena da orquestra Super Pop.

O domingo 19, Día do Medio, terá como prato forte o concurso morfolóxico de cabalos e eguas de Pura Raza Galega, que acollerá a gran final

da Copa Galicia. Celebraranse tamén exhibicións de doma, sesións vermú, concursos de andadura, un encontro folclórico con grupos chegados de San Cibrao, O Valadouro e Ribadeo, así como un partido de fútbol do Mondoñedo FC. Xa de noite, Miron Bococci volverá poñer en pé á Praza da Catedral cun segundo espectáculo de doma nocturna.

Finalmente, o luns 20, Día das Mulas, estará dedicado aos máis pequenos, con xogos, maxia e verbena na Alameda. Ademais, o tren sanluqueiro e os baños públicos repartidos pola cidade facilitarán a comodidade e os desprazamentos de veciñanza e visitantes.

As San Lucas de Mondoñedo, documentadas dende 1156 e consideradas unha das feiras máis antigas de Galicia, manteñen ano tras ano unha tradición que une historia, cultura e festa. A súa capacidade para mesturar cabalos, música e convivencia fan delas unha cita imprescindible do outono galego.

Carlos Folgueira, pregoeiro

Que sentiu cando lle comunicaron que sería o pregoeiro?

Sentín un grande orgullo. É certo que é unha responsabilidade importante, e admito que non me sinto moi cómodo falando en público; non teño o carácter que tiña meu pai para iso. Pero intentarei facelo do mellor xeito posible, con respecto á tradición e á xente que espera o pregón.

Que significado ten para vostede formar parte desta festa?

É un auténtico orgullo. Que todos pensaran en min, tanto partidos políticos como asociacións, é unha ilusión enorme. Para min tamén é unha homenaxe ao labor que realizou meu pai e que eu continuo día a día, mantendo viva a tradición familiar e local.

As San Lucas son festa, feira, encontro social e cultural. Cal é o recordo máis especial que garda?

Teño moitas lembranzas da infancia. Gustábame ver os cabalos, pasear pola feira, xantar ou cear o polbo... É unha das festas máis importantes e antigas de Galicia. Tamén recordo que sempre buscábamos un día para xuntarnos todos en familia na feira e comer polbo xuntos. Viñan familiares de fora e quedaban a durmir na casa; era un momento moi entrañable e de unión.

Que mensaxe lle gustaría transmitir á xente co seu pregón?

A mensaxe é que veñan desfrutar,



que gocen do momento e vivan esa unión familiar e co pobo. Estes instantes son importantes e hai que valoralos.

A súa familia leva décadas vinculada a outro símbolo de Mondoñedo: a torta. Que peso terá esa herdanza no seu pregón?

Moito. A Tarta de Mondoñedo é un emblema da vila. Meu pai deseñou a famosa torta, que obtivo innumerables recoñecementos. Gustaríame transmitir no pregón toda esa historia, é un símbolo que fala da identidade de Mondoñedo.

Se tivese que resumir nun sabor o que significan as San Lucas, cal sería?

Se fose un sabor, sería o do polbo co aceite, sal e pemento picante. E se fose en palabras: tradición e orgullo de Mondoñedo.

A mestra Andrea López Chao recibe recoñecemento na súa vila

Mondoñedo rendeu unha emotiva homenaxe a Andrea López Chao, mestra natural da cidade e pioneira na loita polo acceso das mulleres á educación e á saúde na emigración galega en Cuba. A súa figura, símbolo de compromiso social e pedagóxico, quedará para sempre ligada á cidade coa inauguración dunha rúa que leva o seu nome.

A descuberta da placa, na que participou a bisneta de López Chao, Patricia Ares, serviu como colofón a un intenso programa de iniciativas desenvolvidas nos últimos catro anos por un grupo de traballo coordinado por Luis Ansedes, orientadas a recuperar e difundir o



legado da mestra.

A xornada incluíu ademais a estrea no Auditorio Municipal do documental “Andrea López Chao. O poder de educar”, da realizadora hispano-cubana Violeta Ramos Valdés, unha peza audiovisual que afonda no papel transformador desta mindoniense no ámbito edu-

cativo e sanitario da comunidade galega emigrada en Cuba.

Durante o seu discurso, Iria Castro destacou a importancia de proxectar ás novas xeracións exemplos como o de López Chao: “Parabénizoa a todas as persoas que fixeron posible este recoñecemento, ampliando o coñecemento do seu legado, documentándoo e proxectándoo para o futuro”, subliñou.

Con este acto, Mondoñedo afianza o seu compromiso coa recuperación da memoria colectiva e coa posta en valor das figuras femininas que, desde a emigración, contribuíron á mellora das condicións de vida e á igualdade de dereitos.

Eloi Cabanas, do BNG, leva ao pleno preguntas sobre auga, pontes e a xestión dos lumes

O voceiro do BNG en Mondoñedo, Eloi Cabanas Ramos, levou ao pleno de setembro diversas preguntas e rogos sobre cuestións municipais de relevancia. Entre elas, interesouse polos avances na creación dunha Comisión de Seguimento acordada en abril coa Xunta de Goberno Local, destinada a tratar os problemas de abastecemento de auga en Santa María Maior xunto a institucións como a Xunta, a Deputación, Aguas de Galicia, Norvento ou Canteras Isidro Otero. Tamén pediu información sobre os permisos e a execución das obras de reparación da Ponte do Arco, o expediente aberto sobre un

camiño no Barrio de Vigo e o destino da motoniveladora municipal.

Nos rogos, destacou a proposta de crear unha aplicación móbil que permita reservar locais municipais de maneira telemática, tomando como referencia o sistema de cita previa da ITV. Presentou ademais unha moción para mellorar a prevención e xestión dos incendios forestais, que foi rexeitada. No ámbito cultural, o pleno aprobou por unanimidade as alegacións do BNG ao Mercado Medieval, garantindo a gratuidade dos petiscos, evitando competencia á hostalería e apostando pola participación das asociacións locais.

Xove renova a caldeira do Centro Cívico cun sistema de biomasa máis eficiente

O equipo de goberno municipal de Xove vén de poñer en marcha unha importante actuación para mellorar a eficiencia enerxética do Centro Cívico. O proxecto céntrase na substitución da antiga caldeira de astilla por unha nova instalación máis potente e moderna, de 800 kW, xunto coa ampliación do silo de almacenamento, o que permitirá un uso máis racional e sostible dos recursos.

As obras, adxudicadas por 342.817,20 euros, incluíron a renovación integral da sala de máquinas para adaptarse ao Regulamento de Instalacións Térmicas (RITE 2019). O equipamento dispón dun axitador rotatorio en silo, tornillo sinfín, ciclón, filtro electrostático, novo vaso de expansión, cadro eléctrico reformado, ampliación de cheminea e sistema de xestión integral tipo ESCADA. A maiores, incorpora un control remoto que posibilita a supervisión telemática do funcionamento da caldeira desde calquera dispositivo, facilitando a detección rápida de posibles incidencias.

Do orzamento total, a Xunta de Galicia, a través do INEGA, asumiu 261.605,40 euros, mentres que Rede Eléctrica achegou 46.502 euros mediante un convenio co Concello para ser xestionadas por unha empresa privada subvencionada con fondos municipais. Para o PSdeG, esta decisión confirma a “estratexia de recortes e privatizacións do PP, que opta por gobernar a dedo, sen concurso público nin transparencia, afastándose dunha xestión municipal aberta e do interese xeral da veciñanza”.



llo. Deste xeito, a contribución municipal reduciuse a uns 34.700 euros. Ademais do menor gasto económico, a ampliación do silo permitirá aforrar custos ao precisar menos frecuencia de subministración de biomasa.

Desde o Concello destacan que esta obra supón unha aposta clara por un sistema de calefacción de alto rendemento, máis sostible e respectuoso co medio ambiente. A nova caldeira, que substitúe ao gasóleo, utilizará biomasa, un combustible local de menor procesado, neutro en emisións de CO₂ e que contribúe á xeración de emprego na contorna.

O PSdeG esixe solucións inmediatas ao deterioro da auga

O Grupo Municipal Socialista de Xove volveu cargar con dureza contra o goberno local do Partido Popular, ao que responsabiliza dunha “deixadez constante” e dunha absoluta falta de respostas ante os principais problemas do municipio. Os socialistas sinalan que a veciñanza sofre carencias graves en tres ámbitos esenciais: sanidade, abastecemento de auga e servizos municipais.

No apartado sanitario, o PSdeG lembrou que este verán o Centro de Saúde estivo practicamente todo o mes de agosto sen médico, unha situación que cualifican de “absolutamente insostible”. Esta carencia derivou en episodios moi graves, como a falta de atención inmediata a un infarto ou mesmo o falecemento dun veciño de Súmoas. Segundo indican, no último pleno o alcalde recoñeceu que a praza vacante por xubilación non se cubrirá ata outubro, polo que nestes meses o municipio só conta cunha médica residente. “Cando ela falta, Xove queda literalmente sen servizo”, reprochan. Os socialistas tamén puxeron o foco no xeriátrico municipal, que debería ter tres médicos para atender a 150 internos e apenas dispón dun, consecuencia —aseguran— da política de recortes da Xunta. En relación ao abastecemento



da auga, desde o PSdeG lembran que as instalacións levan dezaioito anos sen melloras. As tubaxes de fibrocemento sofren roturas constantes e os equipos de tratamento están obsoletos, provocando que a auga chegue en pésimas condicións tanto ao núcleo urbano como ás parroquias. O alcalde, pola súa banda, resta importancia aos feitos e fala de “fallos puntuais” pola seca ou por avarías illadas, aínda que admite estar á espera dunha reunión co presidente da Xunta para concretar cando se poderán acometer melloras valoradas en 1,5 millóns de euros. No capítulo dos servizos municipais, os socialistas denuncian a supresión das clases de patinaxe artística, que deixaron de prestarse directamente desde

o Concello para ser xestionadas por unha empresa privada subvencionada con fondos municipais. Para o PSdeG, esta decisión confirma a “estratexia de recortes e privatizacións do PP, que opta por gobernar a dedo, sen concurso público nin transparencia, afastándose dunha xestión municipal aberta e do interese xeral da veciñanza”.

O Concello renova o Centro Social das Gulpilleiras

O Centro Social das Gulpilleiras, na parroquia da Rigueira, vén de experimentar unha importante mellora grazas ás obras de acondicionamento levadas a cabo pola empresa Saiju SL. A intervención centrouse na rehabilitación da fachada, que presentaba numerosas patoloxías construtivas como humidades, manchas permanentes e desconchados que deterioraban tanto a estética exterior como as condicións de uso do interior.

A actuación permitiu aplicar un tratamento de pintado que, ademais de mellorar a imaxe xeral do edificio, funciona como impermeabilizante, garantindo unha maior protección fronte á entrada de auga. Deste xeito, mellóranse non só as condicións

de habitabilidade do centro, senón tamén a súa integración na contorna, reducindo o impacto paisaxístico negativo que viña provocando o seu deficiente estado de conservación. O investimento total ascendeu a 24.805 euros. Do conxunto, o 70% procede dunha liña de subvencións da Xunta de Galicia para a corrección de impactos paisaxísticos, xestionada polo Instituto de Estudos do Territorio, mentres que o 30% restante foi achegado polo propio Concello de Xove.

Con esta actuación, o goberno local destaca que se dá resposta a unha demanda veciñal, ao tempo que se asegura a continuidade dun espazo sociocultural de referencia para a vida comunitaria da parroquia.

O BNG propón un percorrido seguro para peóns e ciclistas en Montevelle

O BNG de Xove levou ao último Pleno ordinario varias propostas co obxectivo de reforzar a seguridade cidadá e o mantemento das infraestruturas de uso público. Entre elas, destacou a petición de habilitar un percorrido seguro para peóns e ciclistas en Montevelle, onde cada vez máis veciños e veciñas camiñan ou practican deporte.

“Dada a alta cantidade de persoas que empregan a pista circular, ben sexa para acceder aos circuitos BTT do Komando Xoviético ou simplemente para correr e andar, consideramos necesario garantir que non teñan que transitar pola estrada ata enlazar coa zona próxima á gasoleira”, explicou o concelleiro nacionalista Miguel

García. A proposta pasa por aproveitar parte dos montes anexos á estrada para crear un tramo polo que poidan circular dúas persoas ou unha bicicleta con seguridade. Outro punto de preocupación foi o parque infantil do Centro Cívico, onde, segundo denunciaron, existen deficiencias que comprometen a seguridade dos máis pequenos. “Non é a primeira vez que facemos este tipo de advertencias, e non pretendemos responsabilizar ao persoal municipal, pero cómpre estar máis atentos ao estado do mobiliario público, que é de todos”, sinalou a voceira local do BNG, Pilar Vázquez. Engadiu que as festas recentes puideron influír no desgaste dalgúns elementos, polo que tamén pediu

á cidadanía máis coidado co equipamento común.

O Pleno aprobou tamén a extinción do servizo público da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica, logo de trinta anos de funcionamento. “Tras apoiar no mes de xullo a subvención ao novo Club Rítmica Xove, ao que lle desexamos toda a sorte, non nos quedaba outra opción que votar a favor deste trámite”, explicou Vázquez. Con todo, lamentou que se trate “da enésima privatización dun servizo público e da desaparición da única escola deportiva que xestionaba directamente o Concello”. Agora, segundo advertiu, a práctica totalidade das actividades deportivas en Xove dependen xa de clubs e asociacións.

vegadeo

Comezaron as obras de mellora na N-640 entre Barres e Vegadeo



O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible comeza este mércores 24 de setembro, ás 08:00 horas, as obras de rehabilitación do firme da estrada N-640 no treito comprendido entre Barres e Vegadeo.

Os traballos, que se prolongarán durante uns dous meses, inclúen a reparación dos tramos máis deteriorados, o fresado e reposición con mesturas bituminosas, a colocación

dunha nova capa de rodadura e o repintado das marcas viarias. Desde o Ministerio sinalan que non se agardan incidencias relevantes no tráfico durante a execución da actuación, que fora reclamada en numerosas ocasións polos veciños e usuarios da vía. Esta mellora contribuirá a reforzar a seguridade viaria e a optimizar a comunicación entre os municipios de Vegadeo e Castropol.

ourol

Ourol lanza accións formativas para mulleres e coidadores

O Concello de Ourol anunciou dúas accións formativas dirixidas a mellorar o benestar da veciñanza. Por unha banda, o sábado 25 de outubro celebrarase no centro social de Merille un curso de defensa persoal para mulleres, de oito horas de duración, impartido por profesionais especializados e con contidos teóricos e prácticos para reforzar a seguridade e a autoconfianza das participantes.

Pola outra, o mércores 23 terá lugar un curso de saúde mental e emocional para coidadores, en colaboración con AFAMMER Lugo, cunha duración de seis horas e orientado a ofrecer ferramentas útiles para xestionar o estrés e mellorar a autoestima. Ambas iniciativas buscan apoiar a igualdade, a prevención da violencia de xénero e o recoñecemento do labor dos coidadores.

O PP critica a parálise dos proxectos municipais

O Partido Popular de Ourol fixo pública a súa preocupación polo futuro do Centro de Día e da Residencia da Terceira Idade, tras recibir resposta do Goberno local nun pleno no que se indicou que a obra se contrataría no ano 2026. Dende o grupo popular desexan que ese compromiso se cumpra, aínda que mostran dúbidas, lembrando que antes das eleccións municipais exhibíronse uns planos na entrada do Concello e dous anos despois o proxecto segue sen visado. No mesmo pleno, os populares preguntaron tamén polo destino da antiga Cámara Agraria, sen obter unha resposta clara. “Agardamos que na seguinte sesión plenaria se concrete algún uso, porque de non ser así teremos que presentar propostas”,

explicaron.

O PP criticou ademais a falta dunha folla de ruta definida en materia de infraestruturas, asegurando que se executan obras en zonas practicamente despoboadas, mentres que vías de comunicación entre varias aldeas reciben un asfaltado que se deteriora rapidamente. Con respecto ás estradas de titularidade provincial, lamentaron que a situación siga sendo moi deficiente. Como exemplo, citaron a vía de Miñotos a Chavín, que estaba prevista para ser amañada en abril ou maio e que a día de hoxe continúa chea de fochancas. Tamén puxeron o foco na estrada do Foxo a San Pantaleón, que, segundo denunciaron, leva catro anos intransitable.

barreiros

Aprobada a licitación do proxecto de saneamento e depuración de augas

O Consello de Administración da sociedade estatal Aguas de las Cuencas de España (ACUAES), dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, vén de dar luz verde ao prego e á licitación do contrato de asistencia técnica para elaborar o estudo de alternativas, os informes ambientais e o proxecto construtivo do novo sistema de saneamento e depuración de augas residuais de Barreiros.

O contrato, cun orzamento de 422.830 euros, contempla un prazo máximo de dez meses para o desenvolvemento dos traballos. O documento aprobado recolle tanto o alcance como as condicións técnicas e organizativas que guiarán a redacción do proxecto, paso imprescindible antes da execución definitiva das obras.

Entre as actuacións previstas figura a construción dunha nova estación depuradora en San Miguel de Reinante,

así como a reconversión das actuais EDAR de Santiago de Reinante e Sarxende en estacións de bombeo de augas residuais. Estas instalacións derivarán o caudal excedente cara á nova depuradora, incorporando ademais un tratamento previo de sólidos e graxas e un tanque de tormentas para regular os caudais en épocas de choiva.

Tamén se proxectan un novo colector de gravidade e unha impulsión de augas residuais para canalizar os vertidos desde a nova estación de bombeo de Reinante ata a EDAR. A previsión é investir arredor de oito millóns de euros (sen IVE) nestas infraestruturas, destinadas a cubrir as necesidades actuais do municipio en materia de depuración e a garantir un crecemento urbanístico sostible. Para facer posible a execución do proxecto será preciso formalizar un convenio de colaboración entre ACUAES e o Concello.

Presentada a programación teatral do último trimestre

O equipo de Goberno deu a coñecer a súa programación teatral para o último trimestre de 2025, unha proposta cultural que encherá de vida os escenarios locais durante os meses de outubro, novembro e decembro.

A primeira cita será o domingo 19 de outubro co grupo Alentía Teatro, que levará ao Centro Social San Cosme a obra “Maleta aberta”. Uns días despois, o sábado 25 de outubro, Os Quinquilláns representarán “Cousas” nos Colexios Vello de San Miguel.

Xa en novembro, o domingo día 2, Avelaíña Teatro subirá ao escenario de San Cosme con “A Lola”. O relevo tomarao Bátega Teatro o sábado 8, presentando “O pano” en San Miguel. A programación deste mes complétase o sábado 22 con Tarabela Creativa e a súa proposta “Vaites rapariga!”, de novo no Centro Social San Cosme. O calendario cultural pecharase en decembro con dúas funcións máis.

O Arco da Vella abre o curso 25/26 con novas propostas



A Agrupación Folclórica O Arco da Vella de San Miguel de Reinante xa ten listo o calendario de actividades para o curso 2025-2026. O colectivo anunciou que as clases comezarán o 10 de outubro e desenvolveranse nas instalacións dos Colexios Vello da parroquia barreirense, cunha oferta pensada para todas as idades.

Segundo informaron desde a organización, haberá grupos para crianzas nadas entre 2019 e 2022, que terán o primeiro contacto co baile e a pandeireta. Os mozos e mozas de 2014 a 2018 poderán iniciarse na gaita, no tamboril e no bombo, ademais de participar en sesións de baile e pandeireta. Pola súa parte, a rapazada de 2007 a 2013 contará tamén con clases de instrumentos tradicionais, ademais de baile e pandeireta.

O programa amplíase con propostas para adultos, tanto para quen queira iniciarse como para quen desexe perfeccionar coñecementos. No primeiro caso, as clases de baile terán lugar os xoves, mentres que os venres será a quenda da gaita, o tamboril e o bombo. Para o nivel de perfeccionamento, o alumnado adulto contará con clases específicas de instrumentos, baile e pandeireta.

A entidade destacou que o obxectivo destas actividades é “manter viva a tradición, transmitir os valores da nosa cultura e fomentar o encontro interxeracional a través da música e do baile”.

As persoas interesadas poden solicitar máis información ou formalizar a súa inscrición a través dos teléfonos 628 73 92 24 e 686 15 61 70.

Nova edición do Mercadiño no Outono o 12 de outubro

O Concello de Barreiros celebrará o domingo 12 de outubro unha das súas citas máis emblemáticas: o Mercadiño no Outono, que terá lugar na Praza do Concello entre as 11:00 e as 20:00 horas. A iniciativa, organizada co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, reunirá máis de trinta postos de artesanía e alimentación, convertendo o centro da vila nun espazo de encontro cheo de cor, música e sabor.

A programación inclúe degustacións, música en directo e actividades dirixidas tanto a adultos como a crianzas. Entre as novidades deste ano figura un obradoiro de cestería en colaboración co Centro de Artesanía da Deputación, con prazas limitadas e inscrición previa no Rexistro municipal, que dará prioridade ás persoas empadroadas en Barreiros.

O ambiente festivo arrancará coa música do grupo de Gaitas da A.F. O Arco da Vella e continuará coa actuación de Deux a la Creme. Ás 12:30 celebrarase a degustación gastronómica con produtos de razas autóctonas, mentres que pola tarde haberá castañas asadas de balde, actividades infantís e o sorteo de cestas.

O evento pretende consolidarse como motor de dinamización social e económica, reforzando a identidade local.



Goberno e PP enfrontados polo futuro albergue do Camiño

O equipo de Goberno deu un novo paso para impulsar o Camiño do Norte ao seu paso pola vila. A administración local solicitou unha reunión co director da Axencia de Turismo de Galicia, Xosé Manuel Merelles, co obxectivo de analizar a posibilidade de crear un albergue municipal de peregrinos no centro urbano.

A proposta céntrase na rehabilitación da antiga Cámara Agraria, un edificio de titularidade pública hoxe en desuso e situado nun punto privilexiado, xa que o trazado oficial do Camiño discorre xusto diante da súa fachada. A súa localización, a poucos metros do Museo Etnográfico Xosé Rocha, permitiría articular un espazo de interese cultural e turístico no corazón da vila.

O percorrido que une Vegadeo con Mondoñedo abrangue 38 quilómetros, e Trabada queda xusto na metade da etapa. Desde o goberno municipal destacan que contar cun albergue de xestión pública no centro urbano facilitaría o descanso dos camiñantes e daríalles acceso a servizos básicos como farmacia, tendas ou hostalería.

O alcalde, Rubén García Freije, lembrou que xa en decembro de 2024

se solicitara apoio á Axencia de Turismo, sen obter resposta, polo que agora se presentou un proxecto técnico alternativo e máis económico. A intención é “aproveitar un inmovible municipal sen uso e poñelo ao servizo da veciñanza e dos peregrinos, reforzando a relevancia do Camiño do Norte como motor turístico e económico”.

Con todo, a proposta provocou a reacción inmediata do Grupo Municipal Popular. O voceiro, José María Fernández, acusou ao rexedor de “anunciar como propias iniciativas que xa foran defendidas polo PP no pasado e ás que se opuxo”. Lembrou que na parroquia de San-te existe un albergue impulsado no mandato anterior e que daquela o PP xa reclamaba situar outro no casco urbano.

Segundo Fernández, “perdéronse anos valiosos e oportunidades que non volverán”, e asegurou que o cambio de criterio do alcalde responde á incapacidade de sacar adiante outros intentos previos. Desde o Concello, pola súa banda, reiteran a súa disposición a traballar da man da Xunta e doutras administracións para materializar proxectos que melloren os servizos.

O Concello avanza na eficiencia enerxética e na mellora de servizos

O Goberno local vén de executar varias actuacións que supoñen un paso adiante na modernización das infraestruturas locais e na mellora da calidade de vida da veciñanza. Entre elas destacan a instalación dun novo sistema de alumado público en Villapercede, acompañado da adecuación dos accesos ao campo da festa, así como a renovación integral da rede de iluminación en cinco núcleos do municipio.

As obras en Villapercede teñen como finalidade dar resposta ás demandas veciñais, ofrecendo un servizo de iluminación máis seguro e eficiente, ao tempo que se acondiciona un espazo clave para a convivencia e a celebración de eventos comunitarios. O alcalde, Rubén García, explicou que “seguimos a mellorar servizos básicos como o alumado público e acondicionando lugares de encontro que teñen un gran valor para a comunidade”.

En paralelo, concluíu o proxecto de aforro enerxético que permitiu renovar a rede de alumado en Vilar, Trabada, Vidal, Vilarbetote e Vilafernando. Esta intervención contou cun investimento total de 51.608,25 euros, dos cales 32.000 foron financiados polo Fondo de Compensación Ambiental e 19.608,25 asumidos con fondos propios municipais.

Segundo detallou o rexedor, trátase dunha actuación “moi necesaria, que vai permitir reducir consumo e custos, avanzar na sustentabilidade e mellorar a calidade da iluminación pública”. O Concello defende que proxectos



coma este reafirman o seu compromiso cun modelo de infraestruturas máis sostible, que contribúa á eficiencia enerxética e á protección do medio ambiente.

Con estes traballos, o goberno local insiste na súa aposta pola modernización dos servizos básicos en todas as parroquias e no reforzo do carácter social e comunitario dos espazos públicos, atendendo ás necesidades reais da veciñanza.

ORDENANZA PIONEIRA. O Concello de Trabada deu hoxe un paso decisivo en materia de prevención e xestión forestal coa aprobación, no pleno ordinario, da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo municipal de limpeza de terreos, soares e franxas secundarias de biomasa. A normativa entrará en vigor a mediados de novembro e converterase nunha ferramenta útil para veciños e veciñas que, por distintas circunstancias, non poidan facerse cargo

directamente do mantemento das súas parcelas.

O alcalde de Trabada, Rubén García, explicou que “o noso obxectivo é axudar aos veciños na xestión das súas fincas, ofrecendo unha alternativa eficaz cando non teñen outras opcións”. O rexedor subliñou que se trata dunha medida novidosa no municipio e engadiu que “con ela buscamos facilitar o cumprimento das obrigas legais e, ao mesmo tempo, mellorar a seguridade e a convivencia en todo o territorio municipal”.

A ordenanza permitirá solicitar ao Concello a limpeza de fincas abandonadas ou o desbroce das franxas de protección arredor das vivendas e edificacións. Con este paso, o goberno local reforza a súa aposta pola prevención de riscos, a mellora ambiental e a posta a disposición da cidadanía de novos servizos que fomenten unha xestión responsable e sostible do territorio.

O ciclo teatral encherá de humor as noites de outono e primavera

Trabada prepara unha nova tempada teatral que promete combinar comedia, crítica social e emocións a partes iguais. O Concello, coa colaboración da Deputación de Lugo, organiza o ciclo 2025/26 que se desenvolverá na Casa da Cultura, sempre ás 21.00 horas e no que predominará a comedia.

A programación arrancará o 1 de novembro coa compañía Nova Escena e a súa obra ‘Expectativa lonxana’. En decembro, o día 6, chegará a quenda de 57 Palabras, que presentará

‘Sen frores nin coroas’ O inicio de ano terá acento mariñán coa Adala de Fazouro, que o 3 de xaneiro subirá ao escenario con ‘¡Ay señor, señor!’.

En febreiro, o día 7, Lume Escénico traerá ‘Activ@s’, mentres que en marzo, o 7, será Trípo-de quen faga rir e pensar co seu ‘Desequilibrados’. Xa en abril, o 4, Pico do Castro representará ‘Cousa de vellos’.

A recta final do ciclo chegará en maio, o día 2, da man de O Centiño, que ofrecerá ‘O autobús’, e pechará a programación o 6 de

xuño San Tirso del Eo con ‘Dinero negro’.

Con esta iniciativa, o Concello de Trabada reafirma o seu compromiso coa cultura e co apoio ás compañías teatrais locais, fomentando ao mesmo tempo o acceso a propostas escénicas de calidade no medio rural. O ciclo consolídase así como unha oportunidade para achegar ao público trabadense e da Mariña lucense ás distintas vertentes do teatro, ao tempo que fortalece o tecido cultural da comarca.

A Asociación O Picato organiza unha excursión ás Rías Baixas

A Asociación Cultural O Picato de Trabada prepara para o venres 10 de outubro unha excursión ás Rías Baixas, dirixida tanto a socios como a non socios, cun programa que combina gastronomía, cultura e paisaxe.

A saída está prevista ás 07:00 horas desde Trabada, con regreso arredor das 22:00 horas. O itinerario inclúe almorzo en ruta, un paseo polo casco histórico de Combarro e unha comida a bordo dun catamarán, onde se servirá unha mariscada ou, para persoas con alerxias, un menú alternativo de carne.

Xa na sesión da tarde, os parti-

cipantes poderán desfrutar dun percorrido polo Grove e a illa da Toxa, dous destinos turísticos emblemáticos das Rías Baixas.

O prezo da viaxe é de 85 euros para socios e 100 euros para non socios, con todos os servizos incluídos. As inscricións poderán facerse a través dos teléfonos facilitados pola organización.

Desde a Asociación O Picato destacan que esta iniciativa busca fomentar a convivencia e ofrecer unha ocasión para gozar con calma da beleza natural e cultural dunha das zonas máis visitadas de Galicia.

Trabada Paso a Paso: Percorrendo camiños, creando comunidade

Un grupo de sendeiristas de Trabada transforma camiñadas en experiencias culturais, sociais e naturais para toda a comunidade

Por Ana Somoza.

A historia de Trabada Paso a Paso comezou no ano 2018, cando un grupo de persoas coincidiu en varias rutas de sendeirismo organizadas na comarca. Segundo os responsables da asociación, “ao rematar aquelas camiñadas, e co desexo de seguir realizando actividades xuntos, decidimos constituírnos como asociación para dar continuidade a esta afección común”. Desde entón, a entidade converteuse nun referente para os amantes do sendeirismo en Trabada e arredores, un espazo no que a convivencia, o descubrimento do entorno e a saúde física camiñan da man.

MOTIVACIÓN. A motivación que deu vida a Trabada Paso a Paso está clara: crear un espazo onde as persoas poidan gozar do sendeirismo de forma tranquila, afastadas da rutina diaria. “Queríamos compartir o pracer de camiñar sen presión, gozando da paisaxe e da compañía”, confesaron. O obxectivo principal da asociación, explican, é “promover o sendeirismo como unha actividade saudable, social e cultural, priorizando sempre a calidade da experiencia”. Cada saída, sosteñen, debe ser un momento para relaxarse, descubrir e conectar con outras persoas.

EXPERIENCIA. Ao longo do ano, Trabada Paso a Paso organiza rutas moi variadas. “A maioría teñen entre 8 e 12 quilómetros, e percorren montaña, costa ou contornas rurais”, detallan. As camiñadas combínanse con itinerarios máis accesibles e outros algo máis esixentes, en ocasións completados con visitas culturais a monumentos, museos ou enclaves de interese histórico. Esta diversidade permite que calquera persoa, independentemente do nivel de experiencia, poida sumarse. “Procuramos que a maior parte das rutas sexan alcanzables para un público amplo. Non buscamos retos deportivos, senón experiencias agradables para todos os participantes”, sinalan.

ITINERARIOS. A asociación mantén un modelo aberto e inclusivo: todas as saídas están abertas á comunidade, aínda que ser socio ofrece vantaxes adicionais, como descontos en transporte ou entradas a lugares visitados. Ademais, traballan en colaboración con outras entidades locais, como o Concello de Trabada ou a Asociación de Veciños de Sante. “Levamos dous

anos colaborando co Concello. En 2024 centramos os nosos esforzos en dar visibilidade ás rutas de sendeirismo do municipio e este ano estamos percorrendo e coñecendo cada parroquia”, explican, lembrando tamén a súa participación na iniciativa Conociendo Sante. A resposta da comunidade local foi moi positiva. Veciños de Trabada e de municipios próximos, como Mondoñedo, San Tirso, Vegadeo, Castropol, Ribadeo ou Ferreira, participan regularmente nas saídas. O rango de idade tamén é amplo, desde adolescentes ata xubilados, o que reflicte a capacidade da asociación para atraer a distintos perfís de sendeiristas. “A acollida foi excelente”, aseguran, sinalando que esta implicación é un dos pilares sobre os que se sostén a actividade da entidade.



Entre os lugares máis destacados de Trabada para facer sendeirismo, os responsables da asociación non dubidan: “Sen dúbida algunha, as Fragas, tanto a de Villa Pena como a da Becerreira, son dous espazos que merecen a pena, bosques virxes e autóctonos de que cada vez quedan menos”. Tamén recomen-

dan percorridos pouco coñecidos fóra de Galicia, como o Parque de Redes ou o de Somiedo en Asturias, que segundo comentan, “nos ofrece innumerables rutas que sempre nos sorprenden”. O patrimonio natural e cultural é outro elemento fundamental das súas saídas. Destacan especialmente o Camiño de Santiago, que, segundo confesaron, “nos marcou desde o momento que empezamos”. Non esquecen tampouco as pequenas xoias do entorno máis próximo, moitas veces descoñecidas, como o Lugo monumental, que permiten combinar actividade física e aprendizaxe sobre a historia e a cultura local.

ANÉCDOTAS. As anécdotas son tamén parte do ADN de Trabada Paso a Paso. Relatan un viaxe en



dulidade e entusiasmo. A ruta de San Facundo Matavenero no Bierzo tamén figura entre as preferidas dos sendeiristas, que reclaman volver a repetir a experiencia pola beleza e a historia que encerran.

DESAFÍOS. Non todas as rutas resultan fáciles. Houbo ocasións nas que percorridos máis esixentes poñen á proba a resistencia dos participantes. “Na ruta do Silencio, nos Oscos, algunhas persoas arrepentíronse de comezar debido ás fortes pendentes, pero a satisfacción ao chegar ao final compensou todo o esforzo”, lembran. A meteoroloxía tamén condiciona a experiencia: tramos cubertos de barro tras intensas chuvias obrigaron a que os participantes se axudasen mutuamente, convertendo a dificultade nun momento de gran camaradería. Incluso en alta montaña, a sorpresa de atopar plantas curiosas ou especies pouco habituais sempre engade un valor engadido á aventura. A organización e planificación diaria tamén esixen atención. A asociación asegura que non se trata só de camiñar, senón de garantir que a experiencia sexa segura e agradable. O coidado de detalles como a alimentación, os tempos de descanso e a preparación do percorrido son fundamentais. “O maior reto é atopar un equilibrio para que o que facemos sexa desfrutable por todos, evitando caer na monotonía”, explican, conscientes de que manter a motivación e a variedade é clave para a continuidade da asociación. Mirando cara ao futuro, Trabada Paso a Paso non pensa en deter o seu camiño. Pretenden seguir descubrindo tesouros ocultos en cada sendeiro e continuar crescendo como grupo, facendo que a comunidade de sendeiristas se amplíe e se consolide. “Toda persoa que queira participar nas nosas rutas só ten que poñerse en contacto coa asociación a través do noso correo pasoapasotrabada@gmail.com ou en Facebook, onde semanalmente publicamos as rutas correspondentes”, apuntan, convidando a todos a sumarse á aventura.

CULTURA. A entidade non se limita a percorrer camiños. A combina-

ción de sendeirismo con actividades culturais permite aos participantes enriquecer a súa visión do territorio. Visitar monumentos, descubrir museos ou percorrer recunchos históricos converte cada saída nunha experiencia completa. “Buscamos que cada saída sexa unha oportunidade de aprender, gozar do contorno e conectar coas persoas que nos acompañan”, indican. Así, o sendeirismo en Trabada Paso a Paso transcende o deporte e convértese nunha ferramenta de socialización e cultura local. As rutas de sendeirismo tamén serven para fomentar a educación ambiental e a conciencia sobre a importancia de preservar os ecosistemas locais. A través das camiñadas, os participantes coñecen os bosques autóctonos, as fragas e os recunchos menos coñecidos, promovendo unha relación respectuosa co medio natural. “Quixemos sempre que as persoas que veñen co noso valoren o que teñen ao seu arredor e comprendan que cada lugar merece ser coidado”, sinalan. A diversidade de participantes é outro dos aspectos que a asociación valora. Desde xente nova ata persoas xubiladas, pasando por familias completas, todos atopan o seu espazo. A actividade fomenta a integración, a convivencia e a creación de vínculos, facendo que cada saída non sexa só unha experiencia deportiva, senón tamén social. “O máis importante é que todos saiban que aquí teñen un lugar onde sentirse ben, independentemente da súa idade ou nivel de experiencia”, explican.

FUTURO. A historia de Trabada Paso a Paso é, en definitiva, un exemplo de como unha idea simple, como camiñar xuntos, pode converterse nun proxecto colectivo con impacto na comunidade. A asociación conseguiu unir persoas de distintas idades, reforzar lazos sociais e promover o coñecemento do patrimonio natural e cultural da comarca. “O que empezou como un grupo de amigos facendo rutas converteuse nunha asociación que ofrece experiencias memorables a calquera que queira unirse”, conclúen.

alfoz

A AC O Castelo organiza a Ruta das Penas o 12 de outubro

A Asociación Cultural Xuvenil O Castelo vén de anunciar unha nova proposta de sendeirismo para o domingo 12 de outubro: a Ruta das Penas, unha actividade que contará coa colaboración do Concello de Alfoz. A saída está programada ás 9:00 horas desde a Casa do Concello, cun itinerario de 7,5 quilómetros e nivel moderado. O percorrido levará ás persoas participantes por enclaves naturais de gran atractivo, como as Penas das Banzas, a Pena Abaladoira ou as Penas da Auga, lugares singulares que destacan pola súa paisaxe e pola forza das súas formacións rochosas. A organización recomenda acudir con roupa de montaña, botas ou calzado impermeable e chubasqueiro, xa que o trazado discorre por zonas abertas ao tempo. Ademais, porase a disposición das persoas inscritas un servizo de autobús para facilitar os desprazamentos. As prazas son limitadas e o prazo para anotarse remata o 9 de outubro. O prezo da actividade será de 8 euros para persoas asociadas e 15 euros para non socias.

Comeza a limpeza e conservación dun tramo de 13 km do río Ouro

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través de Augas de Galicia, iniciou actuacións de conservación e mantemento nun tramo de preto de 13 quilómetros do río Ouro. As tarefas desenvólvense na parroquia do Castro de Ouro e inclúen a retirada de árbores caídas e da biomasa acumulada no leito fluvial, co obxectivo de evitar obstrucións. O persoal encargado empregará motoserras e outras ferramentas manuais, contando tamén co apoio de maquinaria de maior tamaño, como un tractor. Segundo informou o organismo hidráulico, xa se comunicou ao concello o inicio das obras, que se prolongarán durante unhas trece semanas. Unha vez completadas, os tramos intervídos quedarán máis despeixados, favorecendo unha circulación máis fluída das augas e reducindo o risco de inundación. O obxectivo é mellorar as condicións naturais do ecosistema fluvial e asegurar unha correcta xestión das augas, actuando nos treitos que son competencia da Xunta.

Alfoz celebra o XXXI Festival da Terceira Idade con misa, xantar e actos de convivencia



O Goberno local ultima os preparativos para o XXXI Festival da Terceira Idade, unha cita xa consolidada no calendario local que terá lugar o vindeiro sábado 11 de outubro. O obxectivo desta celebración é recoñecer a traxectoria vital e social das persoas maiores do municipio e ofrecerlles un espazo de encontro e convivencia. A programación dará comezo ás 13:00 horas cunha misa na Igrexa Parroquial de San Pedro de Mor. A continuación, os asistentes participarán nun xantar de confraternidade no Pavillón Municipal, que contará tamén con diferentes actividades de animación ao longo da tarde. Poderán tomar parte no evento todas as persoas maiores de 65 anos ou pensionistas empadroadas en Alfoz, que ademais poderán acudir acompañadas

dos seus cónxuxes. A alcaldesa, Efigenia Maseda, salientou a importancia desta cita para o municipio: “O Festival da Terceira Idade é un momento moi especial para toda a veciñanza, porque rende homenaxe ás persoas que construíron o noso concello co seu esforzo e traballo. É tamén unha oportunidade para compartir vivencias, reforzar lazos e desfrutar dunha xornada festiva todos xuntos”. Maseda puxo en valor ademais o compromiso do goberno local co benestar das persoas maiores: “En Alfoz temos moi presente a importancia de coidar e acompañar ás nosas persoas maiores, que son a memoria viva do noso pobo. Con actividades coma esta queremos agradecerlles todo o que nos transmitiron e seguir fomentando a súa participación activa na vida social do concello”.

O Club de Lectura municipal retoma a súa actividade

O Concello de Alfoz anuncia a volta do seu Club de Lectura, unha iniciativa pensada para aquelas persoas que queren compartir a súa paixón polos libros e enriquecer a súa experiencia literaria a través do diálogo. As reunións celebraranse os xoves, cada 15 días, ás 19:30 horas na Biblioteca Municipal de Alfoz. Cada mes, os participantes comentarán unha obra diferente, completando a actividade con visitas e charlas de autores e autoras que achegarán novas perspectivas sobre a lectura. A inscrición é sinxela e pódese realizar chamando ao 982 57 12 70 ou achegándose directamente á Biblioteca Municipal. Dende o Concello animan a toda a veciñanza a sumarse e formar parte desta comunidade lectora.

ACTIVIDADES. O Concello pon en marcha un programa completo de actividades deportivas dirixidas á poboación adulta. O calendario inclúe ximnasia de mantemento os martes e xoves, de 18:30 a 19:30 horas, no Pavillón Municipal; sesións de ioga os luns e mércores, de 19:30 a 20:30 horas, na Escola de nenos de Adelan; clases de aerobio tamén no Pavillón Municipal, os martes e xoves, de 19:30 a 20:30 horas; e pilates os luns de 18:30 a 19:30 horas e mércores de 20:30 a 21:30 horas, igualmente en Adelan, cunha opción flexible que permite asistir un ou dous días por semana. Desde a administración local animan á veciñanza a sumarse a esta programación que, ademais de promover a práctica deportiva regular, procura xerar espazos de encontro, socialización e convivencia.

O PP rexeita a política fiscal do goberno local do PSOE

O Partido Popular de Lourenzá manifestou o seu rexeitamento á decisión do goberno local, en mans do PSOE, de incrementar de maneira significativa os impostos municipais para o ano 2025. Segundo detallan os populares, o tipo impositivo que se aplica ao valor catastral, tanto para bens de natureza urbana como rústica, pasará do 0,55 % ao 0,70 %. Isto tradúcese nun aumento do 27 % no recibo do Imposto de Bens Inmóveis (IBI). Ademais, tamén se confirmou unha suba do 25 % nas taxas de auga e lixo respecto ao exercicio de 2024. Para o PP, estas decisións supoñen unha carga desproporcionada sobre os petos dos veciños, que ven como teñen que asumir un maior esforzo económico sen que isto se traduza en melloras nin no núcleo urbano nin nas

parroquias do municipio. “Os veciños pagan cada vez máis, pero non hai avances nin servizos novos que xustifiquen esta presión fiscal”, sinalaron desde o grupo municipal popular, que acusan ao executivo socialista de falta de coherencia e de responsabilidade. Neste sentido, os edís populares lembran que gobernar non pode significar “trasladar todos os custos á cidadanía mentres se priorizan outros intereses”, e insisten na necesidade de que os recursos municipais se xestionen con maior rigor e transparencia. O PP esixe que se adopte unha política fiscal máis equilibrada, que non castigue ás familias e que, ao mesmo tempo, permita mellorar os servizos e infraestruturas tanto na vila como nas parroquias.

O BNG alerta da improvisación nos Servizo de Servizos Sociais

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) de Lourenzá denunciou incidencias na xestión do Servizo de Servizos Sociais do municipio, tras comprobar que durante as vacacións da traballadora social os usuarios foron atendidos por un conserxe operario de servizos múltiples. Segundo explicou o grupo nacionalista, desde o Concello aseguráronlle que non se producira atraso en ningún expediente e que, oficialmente, non se rexistraran incidencias. Non obstante, indicaron que o servizo funcionou grazas á improvisación e non á planificación, xa que fai dous anos se previra a contratación dunha segunda traballadora social a tempo parcial, previsión que nunca se

materializou. Ademais, sinalaron que tampouco se cubriron as xubilacións, co que o servizo depende actualmente dun único operario polivalente. “O feito de que o servizo funcione aparentemente ben cun operario de servizos múltiples non significa que se xestione correctamente”, sinalaron desde o BNG, subliñando que houbo malestar entre usuarios e atrasos nas xestións, “a pesar de que a Alcaldía nega oficialmente que houbera incidencias”, di o BNG. O grupo nacionalista insiste na necesidade de reforzar o Servizo de Servizos Sociais para garantir unha atención de calidade e planificada, en lugar de depender da improvisación ou do esforzo puntual dun único traballador.

ESCOLAS DEPORTIVAS



As Escolas Deportivas de Lourenzá crean unha nova sección de ciclismo aberta a todos, que incluírá adestramentos e preparación para competicións de ciclismo e duatlón en Galicia, Asturias e León. Jesús García Muruais liderará os adestramentos, que serán os venres pola tarde.

“Os sonhos non se poden quedar en sonhos, hai que facelos realidade”

Mar Ferreiro, que compaxina Dereito e Literatura, asegura que “o medo non é bo compañeiro en nada” e anima a quen soña con escribir a dar o paso

Por Ana Somoza.

A escritora mariñá Mar Ferreiro participa estes días no encontro LugoPoética da UNED de Lugo, onde compartirá escenario con Lucía López Cancio e Gustavo E. Díaz Rey. Autora do poemario *Llegarás* (entre tanto es tiempo de vivir y/o malvivir), adianta que xa traballa no seu segundo libro, esta vez en galego, e reivindica a lectura pública e o diálogo cultural como espazos de enriquecemento colectivo.

Mar, es natural de Lourenzá. Como influíron as túas orixes e a túa terra na maneira de entender a literatura e na túa voz como escritora?

Sempre me gustou moito ler e escribir, de sempre, de sempre. Eu, desde que teño o recordo de nenas, xa me encantaba ler. Imaxinarme outros mundos, outras persoas, outras, outras cousas distintas, non?

Despois da publicación de *Llegarás* (entre tanto es tiempo de vivir y/o malvivir), tes xa en mente algún novo proxecto literario que vexa a luz proximamente?

Pois si. Estou traballando na segunda obra, que tamén será de poesía, poesía en prosa, como eu lle chamo. Algúns deses poemas que xa estou a escribir, estreareinos en LugoPoética 2025. O título do libro aínda non o teño na mente, si que barallo varias posibilidades, pero si é certo que xa estou traballando nun segundo poemario porque me apetece, e porque teño as ideas no corazón.

A túa formación é en Dereito, mais a literatura ocupa un lugar central na túa vida. Como convives con esas dúas facetas aparentemente tan distintas?

Ben, a miña faceta principal da vida é acompañar e coidar do meu pai pois desde que enfermou dunha demencia facio temporal, digo que é a miña tarefa, polo menos, da alma, non? Pois realmente me gusta e me satisfai como persoa. En canto traballo, o Dereito e a Literatura, non son tan incompatibles. O Dereito ten moito de Literatura, e a Literatura ten moito de Dereito, eu polo menos o veo así. Son totalmente compatibles e as dúas gústanme, o Dereito aporta xustiza na vida, que é moi necesaria, e a Literatura aporta creación, mundos imaxinarios, e acapara outros ámbitos que tamén son

moi precisos na vida.

Participas no encontro LugoPoética da UNED de Lugo, onde compartirás escenario con Lucía López Cancio e Gustavo E. Díaz Rey. Que significa para ti formar parte deste evento?

Eu estou encantada pois todo o que sexa divulgar cultura, participar en certames, honrar as letras, ou calquera outra arte, pois me parece fascinante. A estes compañeiros non os coñezo persoalmente, pero seguro que teremos moitas cousas en común e vamos conectar moi ben. Para min significa un agradecemento enorme pois participar de eventos cultu-

“Desde que teño o recordo de nena, xa me encantaba ler. Imaxinarme outros mundos, outras persoas, outras cousas distintas”

rais, que precisamente non hai moitos na provincia de Lugo, ni tampouco moitos en Galicia, sempre é un pracer facelo.

Que cres que achega un diálogo a tres voces como o que ides protagonizar, fronte á experiencia máis individual dunha presentación convencional?



Ben, un diálogo a tres voces implica sempre enriquecemento. Malia que aos meus compañeiros non os coñezo, seguro que teremos moitas cousas en común e tamén cousas moi diferentes que nos van

enriquecer a todos, a nós e á xente que asista ou que escoite o diálogo. As experiencias individuais no ámbito da arte, do mundo artístico, deben ser compartidas con outras persoas, eu o entendo así. Non se quedan aí son un recuncho de ti, nun espazo pequeno, senón que, todo o que é artístico tende a ser divulgado e coñecido, para que as persoas o disfruten. Entón este diálogo a tres voces, entendo que vai ser moi enriquecedor.

A lectura pública de versos é unha parte esencial deste evento. Que sentes cando compartes as túas palabras directamente co público?

A min encántame ler en público. Non é que teña gran facilidade de palabra ao mellor, nin de expresión, non nos sei, pero encántame. Ao ler en público, ves as persoas, podes visualizar as emocións que senten, as expresións do rostro, a atención que prestan, etc. Entón, entendo que a lectura pública é sempre moi enriquecedora, tanto para o que fai como para o que participe. Xa participei en varias e saín moi contenta delas, a verdade.

No proceso creativo, que che resulta máis inspirador: a vida cotiá, as emocións persoais ou a reflexión máis íntima?

Pois moitas cousas. Eu na miña creación particular e artística, fago uso da vida cotiá, do que son as xentes, nas persoas, na vida,



moitos os momentos de inspiración, xa que non todas as horas ou todos os días serven para escribir, ou polo menos a min, podo escribir todos os días, pero non todo o que escribo me serve. Entón procuro aproveitar moito cando sento a inspiración ou teño unha

“Un diálogo a tres voces implica sempre enriquecemento. As experiencias artísticas deben ser compartidas, non quedar nun recuncho”

idea moi clara ou sento moi forte algo, e para min é moito máis fácil cando é así.

A Mariña é terra de escritoras e escritores con moita pegada. Cres que as orixes influen no xeito de escribir e no que un quere contar?

Si. Pois aquí en Lourenzá temos a

o creador do realismo máxico e ten pegada e moita influencia. Todo o que un le, e todo o que usa preto, ten influencia no que un escribe, desde logo, non se pode obviar. Despois, ti imprimes o teu selo particular ou as túas crenzas ou as túas vivencias, as túas emocións ou a túa propia creación, no que podes chegar a crear, pero realmente todo o que lemos ten influencia.

Falando do futuro, estás xa a traballar nalgún novo proxecto literario?

Si, xa como te dixen antes estou traballando no segundo, que aínda non ten título. Espero que teña tan boa collida como o primeiro. O segundo vai ser en galego é a diferenza importante.

Como lectora, que autoras ou autores te marcaron especialmente e che serven de referencia?

Eu teño moitas referencias de autores e autoras, pois gústame ler en xeral, sobre todo aos clásicos, autores clásicos e creo que son a esencia da arte e da literatura en especial. Podo mencionar a Álvaro Conqueiro, porque me encanta toda a súa obra; Dostoyevsky, e todos os rusos encántanme; os Premios Nobel de Literatura, pois tamén case todos adoitan gustarme; Mario Vargas Llosa, tamén é outro autor de cabeceira. Podería falar de tantos, tantos autores e de tantos libros que teríamos que facer outra entrevista.

Por último, que lle dirías a alguén que soña con escribir pero aínda non se atreveu a dar o paso?

Pois eu diríalle que que hai que atreverse, que o medo non é compañeiro bo en nada. A prudencia si, pero o medo non. Entón, pois a quen lle guste escribir e soñe con escribir, que escriba xa que sempre vai haber algunha editorial que aposte por esas letras ou se non hai editorial, sempre está a posibilidade de editalo un mesmo. Entón os sonhos non se poden quedar en sonhos, os sonhos teñen que intentar facerse realidade, entón, hai que animarse, atreverse, e perder o medo.

das miñas emocións persoais, e de reflexións máis íntimas. Quero dicir, que é todo un conglomerado de cousas que me facilitan a creación. Eu participo de moitas cousas. O que si é que intento aproveitar

Fernández del Riego, en Mondoñedo, a Álvaro Conqueiro e moitos máis, entre os máis coñecidos. A min Conqueiro sempre me gustou moitísimo e cando o leo disfruto moito. Para min, como outros din, é

Confrontación política no pleno polo saneamento e os incendios

O pleno ordinario deste mes estivo marcado pola crítica da oposición e polas explicacións do alcalde, Jesús Novo, en torno a cuestións clave como o saneamento, a transparencia na xestión municipal ou a prevención de incendios forestais. Tanto o Grupo Municipal Socialista como o Bloque Nacionalista Galego levaron á sesión diversas propostas que foron debatidas en profundidade, deixando de novo en evidencia a falta de consenso político no municipio.

O Grupo Municipal Socialista censurou con dureza a actitude do rexedor, asegurando que unha vez máis quedou patente a súa aposta pola improvisación fronte á planificación e a súa negativa a aceptar iniciativas construtivas destinadas a mellorar os servizos municipais. Durante a sesión, os socialistas presentaron dúas mocións que foron rexeitadas polo equipo de goberno. A primeira, centrada no saneamento, foi des-

cartada tras afirmar o alcalde que “non precisa planificación, que xa irá facendo”. A segunda, vinculada coa transparencia, propoñía incorporar ao portal municipal documentos de interese público como orzamentos, contratos, convenios ou bandos, tamén rexeitada cos votos en contra do executivo local.

Ademais, o PSdeG reclamou corrixir os importes erróneos das Escolas Deportivas 2025/26 e ampliar o prazo de inscrición, xa que a cidadanía só contou con catro días para anotarse. Criticou tamén a falta de previsión nas comunicacións sobre as rozas de fincas, notificadas en pleno mes de agosto, e esixiu un maior control sobre as sacas de madeira que, tras os traballos forestais, provocan danos en estradas recentemente arranxadas. No apartado de preguntas, os socialistas puxeron enriba da mesa asuntos de gran impacto veciñal, como o futuro do centro de día, a regulación da pista de pádel, o uso do

local municipal da rúa Francisco Vilasuso, a motobomba municipal, a ausencia de acción na poxa da fábrica do Cisne, a limpeza de colectores, a nova canle de información, incidencias nas praias con Bandeira Azul ou o incumprimento do acordo da FE-GAMP en apoio ao pobo palestino. “O pleno volveu deixar claro que ao alcalde fáltalle previsión, transparencia e vontade de diálogo”, concluíron desde o grupo socialista.

Pola súa parte, o BNG levou a debate unha moción para crear un plan específico de prevención e loita contra os incendios forestais. A formación nacionalista denunciou a falta de aplicación da normativa vixente en materia de prevención e puxo como exemplo a acumulación de maleza en camiños municipais e parcelas sen limpar. Recordaron tamén que máis de 600 avisos para rozas foron enviados en maio cando o prazo legal xa estaba a piques de rematar, o que dificultou o cumpri-



mento. O plan proposto polo Bloque estrutúrase en catro liñas: execución efectiva da normativa e información á veciñanza, creación dun banco de terras municipal, inclusión do sector agroforestal no dispositivo de prevención e financiamento adicional para mellorar infraestruturas de extinción. Segundo o BNG, esta ferramenta permitiría mellorar a xestión do territorio e reducir o risco de lumes.

O alcalde, Jesús Novo, respondeu tanto ás críticas do PSdeG como ás propostas do BNG. Sobre o saneamento, recoñeceu que existen nú-

cleos que carecen deste servizo básico, pero advertiu que as actuacións deberán realizarse “a medida do posible e cando sexa economicamente viable”. Subliñou que non resulta rendible levar redes de saneamento a vivendas illadas ou deshabitadas, polo que será necesario priorizar e planificar con rigor para garantir a eficiencia do investimento. En canto á prevención de incendios, lembrou que o Concello dispón dun plan aprobado no ano 2021 e subscrito coa Xunta de Galicia, que continúa vixente, polo que considerou innecesario crear un novo documento.

O Vicedo reforza a súa aposta pola inclusión dixital con cursos para infancia e adultos

O Concello do Vicedo vén de anunciar un completo programa de formación gratuíta en competencias tecnolóxicas dirixido tanto á rapazada como ás persoas adultas. A iniciativa, que se desenvolverá na Aula CeMIT situada na Casa da Cultura, busca fomentar a aprendizaxe dixital dende idades temperás e ao mesmo tempo facilitar ferramentas prácticas para quen precisa mellorar o uso das novas tecnoloxías.

No caso da mocidade, a partir dos 7 anos, a programación arrincará o 17 de outubro con obradoiros de mecanografía, informática e robótica. As clases impartiranse en diferentes días da semana: os luns, de 16:30 a 18:30 horas, combinaranse exercicios de mecanografía co manexo de compoñentes e programación básica; os martes, de 17:00 a 18:30 horas, e os venres, de 17:30 a 19:00 horas, centrarase o traballo na mecanografía informática, co obxectivo de mellorar a soltura no teclado e adquirir habilidades dixitais.

En paralelo, a Aula CeMIT acollerá dous cursos gratuítos des-

tinados a persoas adultas que queiran aprender a utilizar o teléfono móbil de xeito máis eficaz. O primeiro grupo comezará o mércores 22 de outubro, en horario de 18:30 a 20:00 horas, mentres que o segundo arrincará o xoves 13 de novembro na mesma franxa horaria.

Desde o Concello lembran que as prazas son limitadas e que, segundo a demanda, poderían abrirse novos grupos. As inscricións e consultas poden realizarse na Casa da Cultura, de luns a venres entre as 16:00 e as 20:00 horas, chamando ao teléfono 982 590 195 ou a través dos correos electrónicos cemit.ovicedo@xunta.gal e cemit.ovicedo@gmail.com. Estas accións forman parte da colaboración entre o Concello, a Xunta de Galicia e a Amtega, e reflicten o compromiso do Vicedo coa modernización tecnolóxica e coa igualdade de oportunidades, promovendo unha formación que combina aprendizaxe práctica e ocio educativo no caso da infancia, e recursos útiles para a vida diaria no caso das persoas adultas.

Os do 21 reforza o seu proxecto cultural grazas á Deputación

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a representante da asociación cultural Os do 21, Noelia Piñeiro García, rubricaron no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración mediante o cal a institución provincial achegará 20.000 euros para o sostemento deste colectivo. Grazas a este apoio, o Vicedo poderá garantir a continuidade dos seis grupos que integran a entidade folclórica.

Tomé subliñou que este acordo “demostra o compromiso que temos co tecido asociativo, porque unha rede de colectivos forte e participativa é a columna vertebral da vida social e comunitaria. É sinónimo de máis democracia, máis desenvolvemento e máis futuro”. O mandatario provincial puxo en valor tamén o labor da asociación, que acumula máis de corenta anos dedicados a fomentar a cultura e as tradicións a través da danza, do teatro e da música popular.

Os fondos da Deputación permitirán afrontar os gastos de mantemento das instalacións, adquirir vestuario e materiais para as representacións, cubrir o transporte dos grupos, editar carteis de



promoción das súas actividades, financiar servizos de asesoría e asumir o custo dos seguros de responsabilidade civil.

A asociación Os do 21 do Vicedo, creada en 1982 e coñecida pola súa lenda local do burro, renaceu con forza nos últimos anos. Tras un período de declive polo despoamento, conta hoxe con arredor de 70 socios e unha escola de baile e música tradicional que atrae a veciños do Vicedo, Viveiro e Ouro. O labor da profesora Noelia Piñeiro foi clave neste rexurdimento, consolidando un proxecto sólido que

combina folclore, festivais, obradoiros e memoria colectiva, converténdose nun referente cultural imprescindible para manter viva a identidade e o espírito comunitario da Mariña.

Na actualidade, Os do 21 constitúe a única agrupación folclórica do concello e está formada polos grupos As Folerpas, con nenos e nenas de 6 a 12 anos; As Faiskas, para mozos e mozas de 12 a 15 anos; As Ferriñas, de 14 a 22 anos; As Furelas, grupo de iniciación para persoas adultas; e Os do 21, que conforma o grupo sénior.

DEPUTACIÓN

Firma do convenio para facer un Centro de Innovación Territorial

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a directora Xeral de Políticas contra o Despoboamento, Ana de los Ángeles Marín, veñen de asinar o convenio polo que a provincia entra a formar parte da Rede de Centros de Innovación Territorial (CIT) cun investimento de 850.000 euros destinado a frear o despoboamento e dinamizar o rural. “O Executivo de Pedro Sánchez continúa a cumprir cos compromisos adquiridos con esta provincia e nos seguimos a captar fondos que nos permitan desenvolver proxectos clave para reter talento e modernizar o territorio”, valorou o mandatario provincial.

Este acordo ten por obxectivo a creación dun marco de cooperación entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Deputación para impulsar unha plataforma de coordinación pública e privada que permita mobilizar financiamento e coñecemento co obxectivo de dinamizar a economía local, xerar emprego e fixar poboación, sacar adiante iniciativas sociais e tecnolóxicas e conectar o territorio coas universidades, centros de investigación e empresas para transferir innovación.

Mediante o convenio que se vén de formalizar, o Ministerio compromé-



tense a achegar 510.000 euros e a Deputación outros 340.000 entre este ano e o 2029, comezando este ano cunha primeira partida de 100.000 euros. A Deputación de Lugo deberá poñer a disposición do CIT os espazos adecuados para o seu funcionamento, achegar o persoal necesario e contribuír coa súa organización.

Tomé Roca explicou que este acordo se enmarca no traballo que a Deputación de Lugo leva anos facendo “impulsando políticas destinadas a acercar os servizos ao rural” e destacou a rede pública de residencias de maiores que puxo en marcha a institución provincial para “favorecer o arraigo cunha atención de calidade, creando emprego”. Nese sentido, puxo en valor que a Depu-

tación de Lugo ten xa 9 residencias en funcionamento—nos concellos de Pol, Trabada, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil— que dan servizo na provincia a través dun modelo de pequenos centros públicos, nos que prima a atención ás persoas, e que conta con moi boa acollida en Europa.

O Presidente sinalou outros proxectos e boas prácticas que impulsa a Deputación que contribúen a fixar poboación, como o Plan Deputación de Cooperación cos Concellos, a Granxa Gayoso Castro ou iniciativas turísticas como as rutas en catamarán ou o Parque Central de Antas que impulsan un modelo de colaboración público-privado.

Unanimidade do Pleno para ser sede da Axencia Estatal de Saúde Pública

A Deputación de Lugo apoiará á candidatura do Concello de Lugo para que a capital da provincia acolla a sede da Axencia Estatal de Saúde Pública (AESAP). Así se acordou no Pleno tras unha proposta de Presidencia que contou co apoio unánime das tres forzas políticas da Corporación: PSdeG, BNG e PP. Defendeu o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, que “é unha cuestión de xustiza territorial” que Lugo albergue este organismo que terá por obxectivo centralizar, coordinar e reforzar a saúde pública de todo o país fronte ameazas e riscos que teñen que ver coa saúde pública. O Pleno tamén aprobou, coa abstención do PP, a Conta Xeral do ano 2024 da Deputación, cumprindo así cos prazos legalmente establecidos, que determinan a obriga de presentar este expediente ante o Consello Xeral de Contas antes do día 15 de outubro. A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, destacou que o gasto comprometido acadou no ano

2024 un 94,49% “amosando que a Deputación mellora a súa capacidade de xestión ano tras ano”.

EDUCACIÓN. O Pleno acordou tamén esixir á Xunta que remate cos recortes que levaron a unha situación crítica a varios centros educativos da provincia. Así se aprobou na sesión ordinaria do mes de setembro que tivo lugar esta mañá no Pazo de San Marcos, tras o debate dunha moción socialista que denuncia a problemática que viven moitos colexios públicos provocados pola falta de profesorado. A iniciativa, que se debateu xunto cunha proposta de Goberno en defensa do ensino público, contou cos votos a favor do PSdeG e o BNG e cos votos en contra do PP.

Destacou Tomé Roca, antes da sesión plenaria que “desde que goberna en Galicia o PP calquera inicio de curso é un problema. Todo baséase nos recortes, sobre todo no rural”. Valorou a “incapacidade” de xestión dos populares, que queda reflectida nas 157 prazas que quedaron sen cubrir en Lugo.

Entregan os premios provinciais á excelencia turística e gastronómica

A Deputación de Lugo celebrou o acto de entrega da sexta edición dos premios á excelencia do turismo e a gastronomía da provincia coincidindo co Día Mundial do Turismo, nunha cita na que o presidente da institución e do Consello Provincial de Turismo, José Tomé Roca, destacou a importancia de iniciativas “que proxectan a nosa identidade ao mundo”. Tomé, acompañado da deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, fixo entrega dos galardóns ás entidades premiadas.

Na categoría Lugo Cambia ao Turismo Lucense, o xurado distinguiu o programa Descubrir Quiroga, a Queima das Fachas de Taboada e a Foliada da Fonsagrada, mentres que na sección ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense resultaron recoñecidas a Feira do Queixo do Cebreiro e a Feira Degustación da Tenreira de Lánzara. Ademais, o proxecto Cami-



ño cara a sostibilidade turística da Mariña Lucense foi galardoado na categoría de Turismo Sostible, na que tamén se outorgou un accésit ao Hotel Mogay.

Durante a súa intervención, Tomé Roca subliñou que máis que entregar uns premios, se rende homenaxe ao “compromiso, á creatividade e ao amor pola provincia de Lugo”, salientando que cada iniciativa premiada

fala “de xente que cre na súa terra, que entende o turismo como unha ferramenta para xerar riqueza, dinamizar o rural, preservar o patrimonio e dar a coñecer a identidade lucense no mundo”. O acto desenvolveuse no Salón de Actos do Pazo de San Marcos e contou coa actuación da guitarrista lucense Iria de Cabo, integrante da Banda da Loba, e da baixista e cantante Raquel López.

O Consorcio provincial de Bombeiros investirá en melloras nos seis parques

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca, presidiu o Pleno desta entidade no que se aprobou unha achega extraordinaria de case 2M€ para mellorar os seis parques da provincia e facer fronte á suba salarial acordada no convenio cos traballadores.

Na anualidade 2025 o Orzamento ascenderá deste xeito ata os 10,7M€. A Deputación achega o 50% desta dotación económica e o outro 50% a Xunta de Galicia.

No caso dos parques de Sarria, Chantada e Vilalba, os novos fondos permitirán ampliar as instalacións para dotalas dun espazo de almacenaxe; no caso de Barreiros actuarase sobre as filtracións de auga na terraza, reformarase a cuberta e o soportal, as humidades da fachada, pintaranse as paredes e os teitos interior e acondicionaranse os baños; en Monforte

rehabilitarase a cuberta e os canlóns, revestiranse as fachadas e pintaranse as instalacións por dentro e por fóra; e en Viveiro acondicionarase o chan do ximnasio. O custe conxunto destas obras superará os 700.000€. Ademais, 1,19M€ estarán destinados ao cumprimento do convenio asinado a principios de ano cos traballadores, nos que se recollían entre outras melloras a incorporación de 26 efectivos, un aumento salarial anual de 6.000 euros na categoría de bombeiro, redución de 158 horas anuais ata as 1.642 horas, ou o recoñecemento como persoal laboral fixo dos traballadores con contrato indefinido no momento da subrogación do pasado 1 de maio do 2019. O Consorcio de Bombeiros da provincia de Lugo, conformado pola Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia ao 50%, inclúe os parques de Barreiros, Vilalba, Sarria, Monforte de Lemos, Viveiro e Chantada.

DEPORTES

O C.B. O Cembedo logra un bronce no Máster Nacional N4 Sénior de Bádminton

A cidade de Vitoria acolleu o pasado fin de semana o Máster Nacional N4 Sénior de Bádminton, unha das probas máis destacadas do calendario estatal, que reuniu a 175 deportistas chegados de diferentes puntos de España. Entre eles estivo o Club Bádminton O Cembedo, que se desprazou con catro representantes para competir nas distintas modalidades. A pesar da dureza do campionato e do alto nivel dos rivais, o club conseguiu subir ao podio grazas á medalla de bronce obtida na modalidade de dobres masculino, categoría C2. Ademais, os xogadores galegos ofreceron un rendemento sólido no resto dos encontros disputados, deixando patente o bo momento competitivo polo que atravesa a entidade. Desde o club valoran este resultado como un paso máis na súa progresión deportiva e xa teñen a mirada posta na vindeira cita oficial: o torneo que se celebrará en Xixón o próximo 4 de outubro.

A VIII Marcha BTT Xoviética será o 25 de outubro



Xove quenta motores para unha nova cita deportiva. A oitava edición da Marcha BTT Xoviética celebrarase o sábado 25 de outubro, organizada polo club Komando Xoviético, que leva anos impulsando esta iniciativa xa consolidada no calendario local. Desde a entidade sinalaron que “pouco a pouco iremos informando de todas as novidades que estamos a planear”, co obxectivo de ofrecer unha experiencia atractiva para os afeccionados á bicicleta de montaña. A marcha adoita percorrer entre 30 e 40 quilómetros, un itinerario que varía en cada convocatoria en función do nivel de esixencia marcado pola organización. A participación, segundo lembran desde o club, flutúa cada ano, mais mantén un espírito de convivencia e deporte que fai desta ruta unha das máis recoñecidas da comarca.

A Rapadoira acolleu un torneo de petanca con xogadores de Asturias, Cantabria e León



O pasado sábado, 6 de setembro, celebrouse en Foz un torneo de petanca organizado polo Club de Petanca Praia da Rapadoira, que tamén exerceu de anfitrión do evento. A cita reuniu un total de 24 xogadores procedentes de Galicia, Asturias, Cantabria e León, nunha xornada marcada polo bo tempo e polo ambiente de compañeirismo. Ademais da competición deportiva, os organizadores colocaron unha carpa para compartir unha comida de confraternización,

que serviu para estreitar lazos entre participantes e acompañantes. Desde o club amosaron o seu agradecemento tanto aos hostaleiros como ao Concello de Foz pola súa colaboración, esencial para o éxito da actividade. En canto aos resultados, o primeiro posto foi para Federico e Vanesa, do equipo Robles de Cantabria, mentres que o segundo lugar correspondeu a Eduardo e Joaquín, representantes de Avilés.

Barreiros acollerá o IX Trail Monte Comado o día 11



O vindeiro sábado 11 de outubro, San Miguel de Reinante, en Barreiros, será escenario do IX Trail Monte Comado 2025, unha cita deportiva que combina natureza, esforzo e paisaxe. A proba, organizada pola Asociación Cultural e Deportiva Praias de Comado xunto co Concello de Barreiros, terá saída e chegada na praza do Souto ás 10:00 horas. Os participantes poderán recoller os dorsais o mesmo día da carreira, desde dúas horas antes da saída ata media hora antes do inicio da proba. O percorrido do trail abrangue aproximadamente 16 quilómetros, cun desnivel acumulado de 950 metros positivos, e transcorre polas faladas do Monte Comado, atravesando San Pedro de Benquerencia e San

Miguel de Reinante, combinando pistas e camiños forestais. Ao longo do itinerario habilitaranse dous avituallamentos: o primeiro no quilómetro 8, con líquidos e sólidos, e o segundo en meta, para garantir a recuperación dos participantes. A competición inclúe premios para as tres primeiras persoas clasificadas en cada categoría, ademais do gañador e da gañadora absolutos, que recibirán os seus trofeos ao remate das carreiras. Esta proba forma parte do circuito MaisKmBarreiros, consolidándose como un referente do deporte ao aire libre na comarca e unha oportunidade para promover hábitos saudables e o contacto coa natureza.

Vaise mellorar o céspede do campo de Cantarrana – Kiko Rey

O Concello de Viveiro está a executar unha serie de actuacións no campo municipal Cantarrana – Kiko Rey co obxectivo de mellorar o estado do céspede e asegurar que as instalacións deportivas ofrezan condicións óptimas. O informe técnico elaborado no mes de xuño puxo de manifesto diferentes deficiencias no terreo de xogo: céspede deteriorado por falta de abonado, acumulación dunha capa vexetal envellecida, presenza de herba seca e un chan excesivamente duro que incrementaba o risco de lesións. Para reverter esta

situación, estanse a desenvolver traballos de rexeneración do céspede que inclúen escarificar e airear o solo para retirar a vexetación vella, realizar pinchados para introducir area e mellorar a drenaxe, así como aplicar un recebado acompañado dunha resementeira que axude a recuperar a cobertura vexetal. Ademais, empregárase un abonado específico que fortaleza o crecemento e permita corrixir o pH do chan.

Xove converteuse no epicentro do bolo co Campionato de España



A Bolera Municipal de Sumoas, en Xove, converteuse os días 20 e 21 de setembro no epicentro nacional do bolo celta coa celebración do Campionato de España Feminino Iberdrola, tanto en modalidade individual como por parellas. A cita reuniu a 25 xogadoras procedentes de distintas comunidades autónomas, que loitaron polos títulos nun ambiente marcado pola deportividade, a convivencia e a emoción das partidas. O evento contou coa presenza institucional do alcalde de Xove, Demetrio Salgueiro, da concelleira de Deportes, Cristina Iglesias, e de Daniel Alonso en representación do Club de Bolos Xove, entidade organizadora que, xunto ao Concello, fixo posible unha competición que levou o nome da vila por toda España. O palmarés deixou grandes alegrías para o club anfitrión. En categoría por parellas, Carmen e Belén proclamáronse campiónas

de España, mentres que Dolores, tamén de Bolos Xove, acadou o subcampionato formando equipo con Blanca Lago, do Club Bolos Estivada. O podio completouse con Clara e Mirta, de Asturias, que foron terceiras, e coa cuarta posición de Nerea e Vanessa, pertencentes a Bolos Rega e Bolos Portameán. Na modalidade individual, a victoria foi para Clara Martínez, do equipo 4 Amigos, seguida por Sheila Ferreira e Nerea Ferreira, ambas de Bolos Rega. A cuarta praza foi para Patricia García, do Bolos San Miguel de Peiteiros. Desde o Club de Bolos Xove subliñaron que máis alá dos resultados, “foi unha fin de semana inesquecible, chea de amizade, convivencia e risas compartidas”. A entidade agradeceu a todas as participantes o seu esforzo e destacou “o orgullo que supón ver ás xogadoras locais triunfar diante da súa xente”.

De Santa Cilla do Valadouro ao ceo do piragüismo mundial

O focego Nicolás Martínez transformou a loita contra o cancro nun camiño de esforzo e esperanza que o levou ata o título mundial

Por Ana Somoza

O deportista de Santa Cilla do Valadouro, no concello de Foz, proclamouse recentemente campión do mundo de maratón de piragüismo na categoría KL3 sénior en Hungría. A súa vitoria nos 10.000 metros, por diante dos representantes de Xeorxia e Francia, foi moito máis ca un éxito deportivo: simbolizou a superación dunha historia vital marcada pola enfermidade, o esforzo e a esperanza.

Martínez competiu co Club Fluvial de Lugo, entidade á que está fondamente agradecido porque, segundo confesou, “sen o Fluvial agora mesmo non estaría aquí, xa que foron os que me acolleron cando non era ninguén”. O seu triunfo mundial ten detrás unha longa traxectoria de constancia, marcada por momentos difíciles e por unha disciplina de adestramento que combina tanto a parte física coma a mental.

A EMOCIÓN DA VITORIA. O piragüista recoñeceu que os últimos metros da carreira en Hungría foron unha experiencia única. Explicou que cando estaba encarrando os últimos 300 metros xa se vía campión, porque os seus rivais viñan un pouco atrasados. “Non mo estaba crendo”, lembrou, pero ao cruzar a liña de meta sentiu “unha satisfacción brutal”. Ese intre quedará gravado na súa memoria como un punto culminante da súa carreira. Na súa cabeza, ao rematar a proba, apareceu unha imaxe que o acompaña sempre en momentos de esforzo: a do neno de sete anos que tivo que permanecer encamado polo cancro na perna dereita. Recordou que daquela lle dixeran que non podería practicar case ningún deporte, e por iso sentirse hoxe campión do mundo enchíalle de orgullo.

ENFERMIDADE E SUPERACIÓN.

A vida de Nicolás Martínez estivo marcada desde a infancia por un osteosarcoma diagnosticado aos sete anos. El mesmo contou que pasaron cinco anos nos que en cada consulta ao traumatólogo lle preguntaba se podía probar un deporte diferente, e a resposta sempre era negativa. “Despois de cinco anos atopei o piragüismo”, relatou, e ese descubrimento converteuse na súa táboa de salvación. A día de hoxe, asegura estar curado do cancro, pero convive con

secuelas importantes. Ten unha prótese de fémur, outra de tibia e outra de cadeira, menos musculatura na perna dereita e mesmo lle falta unha parte do cuádriceps. Ademais, vive cunha diferenza de 5,5 centímetros entre unha perna e a outra. Con todo, nunca deixou que esas limitacións freasen o seu camiño cara ao deporte de elite.

UN PAPEL FUNDAMENTAL. Martínez quixo subliñar o apoio constante da súa contorna máis próxima. Destacou que a familia e os amigos son fundamentais, sobre todo nos momentos nos que as cousas non saen ben. “No último mundial todo saíu perfecto e todo o mundo está aí para felicitarte, pero cando as cousas non saen ben son eles os que están”, indicou, convencido de que ese acompañamento é o que realmente importa. Tamén dedicou palabras de agradecemento

que o seu día a día baséase en maximizar o rendemento, e non só durante as horas de adestramento. Apuntou que adestra practicamente todos os días da semana, e ás veces dúas veces ao día, combinando sesións de piragua, ximnasio e traballos aeróbicos. Ademais, asegurou que é necesario coidar aspectos que a miúdo se subestiman: a alimentación, o descanso ou mesmo o control do estrés. Segundo dixo, todo inflúe para poder estar ao cento por cento na seguinte sesión. Para el, a disciplina é un elemento tan importante coma a forza física.

PARTE MENTAL. Martínez tamén puxo o acento no factor psicológico. Considera que a parte mental é “importantísima”, porque un deportista pode estar en condicións físicas excelentes, pero se non está ben de cabeza, ese día non renderá. A súa visión é



“Nos últimos 300 metros xa me vía campión, os rivais quedaran un pouco atrás. Cando crucei a meta sentín unha satisfacción brutal”

ao Club Fluvial de Lugo. Recoñeceu que foi esa entidade a que lle abriu as portas cando non era coñecido e a que o axudou a chegar ao nivel actual. “Grazas a eles conseguín ser campión do mundo e estar concentrado co equipo nacional”, afirmou, cun ton de gratitude sincera.

DÍA A DÍA. A preparación dun campión do mundo non se improvisa. O deportista explicou

clara: a preparación mental non se pode descoidar nun deporte tan esixente como o piragüismo de alto nivel.

ESTUDOS E DEPORTE. A súa vida non se reduce á piragua. Nicolás marcha a Sevilla para poder compaxinar os estudos de Informática cos adestramentos. Admitiu que esa combinación é moi complicada, xa que o rendemento deportivo consume moitísimo tem-



po. Con todo, decidiu continuar estudando porque entende que é un camiño necesario para o seu futuro máis alá do deporte.

LEMBRANZAS. Entre todos os momentos vividos ata agora, Martínez destacou especialmente a súa primeira competición internacional, un europeo celebrado en Portugal en 2023. Confesou que naquela ocasión sentiu por primeira vez que realmente conseguira abrirse paso. “Nicolás, conseguíchelo”, dixo para si mesmo, consciente de que estaba a superar barreiras que antes parecían imposibles.

“Sempre que acabo unha competición importante vénseme á cabeza a imaxe do neno que tivo que estar encamado polo cancro”



CHARLAS E SUPERACIÓN. O piragüista non só compite: tamén se converteu en referente para outras persoas que atravesan dificultades. Explicou que participa en charlas organizadas por entidades como a Fundación Elena Terte, que promove o diagnóstico precoz do osteosarcoma. Indicou que o obxectivo destas sesións é transmitir aos nenos e ás familias que, aínda que teñan un

problema de saúde grave, poden seguir adiante. Comentou que nelas interveñen traumatólogos de primeiro nivel europeo e que el acode como exemplo vivo de superación, compartindo escenario con pacientes que buscan esperanza.

O FUTURO: NOVOS RETOS. Conseguido o título mundial, Martínez non pensa en relaxarse. O seu obxectivo inmediato é seguir adestrando ao máximo nivel e preparar novos desafíos. Entre eles, mencionou a posibilidade de converterse no novo campión do mundo doutra disciplina acuática, “como os 200 metros por exemplo”. A ambición e a ilusión seguen intactas, e a súa traxectoria promete máis capítulos de éxito.

NOVAS XERACIÓNS. Preguntado sobre que mensaxe lle daría aos nenos, respondeu cunha reflexión persoal: para el o deporte foi fundamental. Lembrou que de pequeno era un rapaz moi activo e que a prohibición de practicar deporte foi un golpe durísimo. Por iso, recomendou a todos os rapaces que non deixen de buscar unha actividade que lles apasione. “No meu caso foi o piragüismo o que me salvou”, declarou, animando ás novas xeracións a iniciarse na práctica deportiva.

INSPIRACIÓN. A historia de Nicolás Martínez vai moito máis alá dunha medalla de ouro. É a crónica dun neno que escoitou que non podería facer deporte e que hoxe, despois de superar unha enfermidade devastadora e de convivir con secuelas permanentes, ergueuse como campión do mundo. El mesmo recoñece que cada vez que remata unha carreira ou un adestramento duro, volve á imaxe daquel neno encamado. Esa lembranza dálle forza e fai que valore cada triunfo como unha conquista persoal. A súa vida é un testemuño de resiliencia, esforzo e gratitude, que xa inspira a centos de nenos e nenas e que seguirá servindo de exemplo no futuro.

MAR

As confrarías de Burela e San Cibrao reciben novos apoios para modernizar o sector



O sector pesqueiro da Mariña continúa a dar pasos adiante cara á modernización e a sostibilidade grazas ao respaldo económico da Xunta, co apoio do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). As confrarías de Burela e San Cibrao son dous exemplos recentes deste compromiso, ao recibir financiamento para diferentes iniciativas que buscan mellorar as condicións de traballo, incorporar novas tecnoloxías e reforzar o vínculo coa sociedade.

No caso da de Burela, as achegas superan xa o millón de euros desde 2023. Entre os proxectos financiados destacan a construción dun galpón metálico na zona de varada, a compra dun carro automotor de 40 toneladas e varias carretillas elevadoras, así como a rehabilitación da nave de redeiras e a instalación de iluminación LED. A isto engádese a aposta polas enerxías renovables coa colocación de paneis fotovoltaicos para autoconsumo.

Ademais das melloras en infraestruturas, a entidade desenvolveu un intenso programa formativo con cinco cursos de Formación

Básica e catro de Patrón Costeiro Polivalente, realizados ao abeiro das axudas autonómicas. Outro proxecto singular é Pescarte, que recibiu 115.000 euros para divulgar a pesca artesanal mediante murais artísticos, material audiovisual e un xogo educativo infantil dirixido a achegar este oficio ás novas xeracións.

Pola súa parte, a Confraría de San Cibrao resultou beneficiaria dunha axuda para poñer en marcha o proxecto Modernización de recursos tecnolóxicos para a mellora da xestión dos recursos pesqueiros. Cun importe total de 3.111,07 euros, a iniciativa permitirá adquirir novos equipos informáticos, sistemas de almacenamento de datos e software actualizado.

A entidade mariñeira subliña que con esta actualización búscase mellorar a eficiencia administrativa, reforzar a competitividade e avanzar na dixitalización. Entre os obxectivos inclúense tamén a mellora das competencias dixitais dos profesionais, a creación de canles de comunicación máis áxiles entre os socios e a posibilidade de desenvolver cursos en liña sobre técnicas pesqueiras, sustentabilidade e seguridade no mar.

O CIMA de Ribadeo entregará sementes de ameixa e ostra

O Centro de Cultivo Mariños do Centro de Investigacións Mariñas de Galicia (CIMA), situado en Ribadeo, ultima a entrega de novos lotes de semente nas vindeiras semanas. Así o anunciou a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, na súa primeira visita a estas instalacións desde a súa chegada ao cargo.

Acompañada polo director do CIMA, Carlos Gabín, e pola responsable da planta, Justa Ojea, percorreu as dependencias do centro, onde puido coñecer de primeira man o labor que se vén desenvolvendo e analizar posibles actuacións de futuro.

As previsións inmediatas inclúen a entrega dun lote de 100.000 unidades de ameixa babosa, destinadas ao seu preengorde nas instalacións da confraría da Illa de Arousa. Do mesmo xeito, está programada outra partida de 117.000 unidades de ostra plana, dentro do proxecto Ostreares. Esta iniciativa, integrada na rede Redemar —que une centros de investigación mariña autonómicos co sector pesqueiro—, ten como obxectivo



tivo restaurar os bancos naturais desta especie na enseada de San Simón, na ría de Vigo, coa colaboración da Federación de Confrarías de Pescadores de Pontevedra. Suárez puxo en valor o traballo e a experiencia dos técnicos do centro ribadense, fundamentais á hora de subministrar semente ás entidades sectoriais e impulsar accións de rexeneración nas zonas marisqueiras. Ademais, resaltou o carácter pioneiro das instalacións, que funcionan con enerxías renovables e non deixan pegada de

carbono, exemplo do compromiso da Xunta cun sector estratéxico e cunha xestión sostible.

A directora xeral destacou tamén que Galicia conta con centros de investigación mariña de referencia, que contribúen de maneira decisiva á competitividade e á sustentabilidade da actividade pesqueira e marisqueira. Un modelo de colaboración e traballo conxunto que, segundo afirmou, resulta clave para reforzar o liderado internacional de Galicia neste ámbito.

A ampliación do porto de Morás sae do bloqueo administrativo

A Xunta de Galicia vén de dar un paso decisivo para a posta en marcha da ampliación do porto de Morás, en Xove, coa sinatura da acta de adscrición dos terreos coa Demarcación de Costas do Estado. Grazas a este acordo, Portos de Galicia recibe oficialmente os terreos necesarios para levantar o novo dique de abrigo e a dársena, unha infraestrutura reclamada durante décadas polo sector mariñeiro da zona.

O trámite chega tras un ano de espera desde que Costas emitira o informe inicial e supón o desbloqueo dun proxecto cuxo estudo de alternativas data de 2006, mais que permanecía paralizado pola falta de transferencia da titularidade do solo á administración autonómica.

En paralelo á formalización da acta, Portos de Galicia xa redactou o proxecto construtivo, que contempla un dique de máis de 220 metros de lonxitude repartidos en dúas aliñacións. Ademais,



a actuación prevé a instalación de pantaláns destinados tanto a embarcacións pesqueiras como de uso náutico-recreativo, xunto cunha zona de aparcadoiro para mellorar os servizos do recinto.

A ampliación do porto de Morás supón tamén unha oportunidade de dinamización económica para Xove e para toda a Mariña, ao permitir mellorar a seguridade e

capacidade de acollida de embarcacións. O sector mariñeiro confía en que este investimento repercuta nun maior apoio á actividade pesqueira e ao turismo náutico.

Deste xeito, a Xunta responde a unha vella demanda da comunidade portuaria e reforza o compromiso co desenvolvemento das infraestruturas marítimas en Xove e no conxunto da Mariña lucense.

PORTO DE VIVEIRO



A Consellería do Mar realizou melloras no porto deportivo de Viveiro cun investimento de 215.300 euros. Primeiro renovouse o pavimento e a sinalización da explanada portuaria. Agora estase a instalar iluminación LED con control remoto, que permitirá un aforro enerxético do 60 % e contribuirá a reducir tanto a contaminación ambiental como a luminosa.

COLABORACIONES

Brahms entre ánforas

CULTURA



Rebeca Maseda

Hai encontros improbábeis que, de maneira misteriosa, funcionan. A música de cámara de Johannes Brahms e o Museo Nazionale Etrusco de Villa Giulia en Roma pertencen a mundos aparentemente afastados: un, alemán do século XIX; o outro, un espazo italiano que garda as pegadas dun pobo anterior mesmo á Roma clásica. E porén, hai entre ambos unha afinidade profunda, algo semellante á maneira na que dúas voces distintas poden cantar en harmonía sen nunca terse coñecido. Os dous sextetos para corda de Brahms, op. 18 e op. 36, teñen algo que os fai únicos dentro da súa obra. Hai neles unha procura do íntimo, do que se expresa sen ruído, sen a grandilocuencia da orquestra. Ao escribir para dous violíns, dúas violas e dous cellos,

Brahms crea un espazo onde as voces dialogan sen competir, onde cada liña parece escrita coa delicadeza dun gravado. O primeiro sexteto, en si bemol maior, op. 18, é dunha calor emocional que sorprende. Composto entre 1859 e 1860, ten un aire de reminiscencia, de paisaxe que se mira desde lonxe. Os temas desenvólvense con naturalidade, coma se fosen lembranzas que van volcando á mente sen forzalas. O segundo movemento, un andante con variacións, é unha pequena xoia de arquitectura sonora: contido, medido, e ao tempo intensamente expresivo. No segundo sexteto, op. 36 en sol maior, composto poucos anos máis tarde, Brahms permite que a emoción se mostre cun pouco máis de claridade. Aquí hai máis risco, máis tensión e tamén máis ousadía rítmica e harmónica. A música xa non mira só ao pasado: procura un futuro propio. Esta tensión entre herdanza e innovación é, curiosamente, a

mesma que se sente ao pasear polas salas do Museo Etrusco de Villa Giulia. O edificio, unha antiga vila renacentista, é xa de

romanos, deixaron un legado plástico que impresiona pola súa elegancia e modernidade. O famoso “Sarcófago dos esposos”,

Tanto nos sextetos coma nas pezas etruscas hai un coidado extremo polo detalle, un gusto pola simetría sen rixidez, pola emoción sen exceso. Son obras que non se impoñen, senón que convidan. Non buscan sorprender, senón quedar connosco, habitar o noso tempo sen estridencias. E sobre todo, tanto Brahms coma os artistas etruscos comparten unha mesma idea de patrimonio: non como algo morto ou fosilizado, senón como unha conversa en curso. escoitar un sexteto de Brahms nun museo silencioso ou mirar unha fíbula etrusca mentres soa música de cámara nunha playlist, pode parecer un xogo de contrastes, pero é máis ben un reencontro. Ao final, tanto a música como a arte son formas de memoria. Non son cousas que se gardan nun caixón, senón que se reactivan cada vez que alguén as escoita ou as contempla. E nese intre, sen necesidade de palabras, Brahms e os etruscos enténdense perfectamente.



por si unha obra de arte. Pero o que acolle no seu interior é aínda máis fascinante: urnas funerarias, xoias, estatuas e obxectos rituais que falan dunha cultura refinada, culta e, sobre todo, fundamentalmente humana. Os etruscos, a pesar de ser menos coñecidos que gregos ou

por exemplo, é unha escultura que representa a unha parella recostada, sorrinte, nunha escena de repouso eterno. Hai nel unha serenidade que dialoga á perfección coa música de cámara de Brahms: esa sensación de que a beleza, cando é auténtica, non precisa levantar a voz.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 80 01
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97
BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05
BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policia Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53
CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policia Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policia Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12
LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29
MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policia Local:	982 50 70 40
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62
PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00
RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policia Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43
RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00
VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12
VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51
VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policia Local:	982 56 29 22
Policia Nacional	982 56 17 11
Policia Nacional cita DNI	060/982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01
XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062



www.amariñaxa.com

DE RUTA EN RUTA

A Ruta do Azúmara, un camiño ata Castro de Rei

O sendeiro que parte do Castro de Viladonga convida a percorrer ribeiras, muíños, pazos e unha antiga mina de arsénico

A Ruta do Azúmara é un percorrido lineal que invita a descubrir unha das paisaxes máis fermosas e singulares da Terra Chá. Recoméndase comezar a andaina no Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga, non só porque facilita o trazado senón tamén porque permite ao visitante mergullarse previamente na historia e na vida dos poboados castrexos, fundamentais para entender a evolución da cultura galega. Aberta e sinalizada desde xuño de 1998, a ruta inicia o seu traxecto entre zonas de monte e suaves pendentes que conducen ata o Cordal. Desde alí, o sendeiro descende acompañando o curso do río Azúmara, auténtica columna vertebral deste itinerario. O camiñante atopará no camiño vellos muíños, pequenas pasarelas e outras mostras da arquitectura popular que falan dun pasado vinculado á auga e ao aproveitamento sostible dos recursos naturais. A vexetación autóctona, formada por bosques de ameneiros e bidueiros, pro-

porciona sombra e frescura durante boa parte do camiño. Un dos puntos máis destacados é o Lugar de Monelos, onde se conserva un conxunto arquitectónico de gran valor: o Pazo de Fontexón, a vivenda anexa e un muíño minuciosamente restaurado que exemplifican a tradición civil e agrícola da zona. A poucos metros, merece unha visita a igrexa de San Xoán de Azúmara, mostra do patrimonio relixioso que salpica este territorio.

O sendeiro conduce tamén ata unha das pegadas máis singulares da historia recente: a antiga mina de arsénico. A mediados do século XX, esta explotación representou un complemento económico para os habitantes locais. A día de hoxe aínda se pode contemplar a súa boca de acceso e unha longa canle que levaba auga ata o interior, testemuña dun tempo no que a actividade mineira deixou unha forte impronta na contorna.

Seguindo o tranquilo discurrir do río, a ruta vai ofrecendo panorámicas espectaculares sobre a chaira chairega, mesturando natureza, historia e patrimonio. O itinerario remata na área recreativa situada á entrada da vila de Castro de Rei, un espazo acondicionado para o descanso, con zona verde e infraestrutura básica que convida a facer unha pausa despois da camiñada. En definitiva, a Ruta do Azúmara é unha proposta perfecta para

quen busque combinar exercicio físico cun achegamento ao patrimonio cultural e natural da Terra Chá. Ao longo do percorrido, o visitante poderá gozar da calma do río, coñecer elementos históricos e descubrir como o paso do tempo foi moldeando unha paisaxe chea de matices. É unha senda pensada tanto para os amantes da natureza como para quen desexa mergullarse na identidade e na memoria viva de Castro de Rei.



DATOS



2,30 horas



7 quilómetros



Dificultade media

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA





GRUPO FORMAT

formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605